



PROXECTO EDUCATIVO

CEIP PLURILINGÜE DE MEAÑO-AS COVAS

*“SÓ SE PODE APRENDER
AQUELO QUE SE AMA”.*

Francisco Mora.

(Neurocientífico).

1.ASPECTOS XERAIS.....	5
1.1. CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
1.2. O PE DO NOSO CENTRO.....	12
1.3. A ESCOLA QUE QUEREMOS.....	15
1.4. DECÁLOGO DE CENTRO.....	18
1.5. VALORES, PRIORIDADES E PROCEDEMENTOS.....	21
1.6. PREGUNTAS PARA ENTENDER O PROXECTO EDUCATIVO.....	28
2. OBXECTIVOS DO PROXECTO EDUCATIVO.....	30
2.1 ÁMBITO DO ALUMNADO E DO SEU DESENVOLVEMENTO.....	30
2.2. ÁMBITO PEDAGÓXICO.	31
2.3. ÁMBITO DE RELACIÓN, INTEGRACIÓN E PARTICIPACIÓN CO ENTORNO SOCIAL E INSTITUCIONAL.....	33
2.4. ÁMBITO HUMANO E CONVIVENCIAL.....	34
2.5. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DE CENTRO.....	35
3. ASPECTOS CURRICULARES.....	36
3.1. ÁMBITO METODOLÓXICO DO CENTRO.....	41
3.1.1. INTERDISCIPLINARIEDADE.....	41
3.1.2. AGRUPAMENTOS INTERNIVEL.....	42
3.1.3. DESEÑO HORARIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.....	43
3.1.4. DESEÑO HORARIO EDUCACIÓN INFANTIL.....	45
3.1.5. AUSENCIA DE LIBROS DE TEXTO.....	53

3.1.6. APRENDIZAXE COOPERATIVA.....	54
3.1.7. PROXECTOS AO SERVIZO DA COMUNIDADE.....	55
3.1.8. OAOA/ABN. RENOVACIÓN DAS METODOLOXÍAS MATEMÁTICAS DO CENTRO.....	55
3.1.9. A BIBLIOTECA ESCOLAR: MOTOR DE APRENDIZAXE NO CENTRO.....	56
3.1.10. PDI DE CENTRO.....	58
3.1.11. TAREFAS PENDENTES E ESTUDIO.....	58
3.2. ÁMBITO PEDAGÓXICO DO CENTRO.....	61
3.2.1. ESPAZOS E TEMPOS.....	61
3.2.2. ALUMNADO.....	64
3.2.2.1. CONSELLO ESCOLAR INFANTIL.....	64
3.2.3. PROFESORADO.....	67
3.2.4. FAMILIAS.....	70
3.2.4.1. COMISIÓNS DE TRABALLO FAMILIAS: PATIOS DINÁMICOS E BIBLIOTECA ESCOLAR.....	70
3.2.4.2. ESCOLA DE FAMILIAS.....	71
4. AVALIACIÓN.....	72
4.1. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	80
4.2. CRITERIOS PARA AVALIAR O PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO.....	81
5. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	83
6. REFERENTES PEDAGÓXICOS E EDUCATIVOS QUE FUNDAMENTAN ESTE PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.....	85

7. COMPROMISOS EDUCATIVOS ENTRE AS FAMILIAS E O CENTRO.....	87
7.1 <i>COMPROMISOS TITORÍAS</i>	87
7.2. <i>COMPROMISOS FAMILIAS</i>	100
7.3. <i>COMPROMISOS CENTRO</i>	101
8. MEDIDAS QUE SE DAN PARA A DIFUSIÓN DO PE ENTRE OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	102
8.1. PREVISIÓN DE AVALIACIÓN DO PE COA SÚA TEMPORALIZACIÓN.....	103
8.2. DATA DA ÚLTIMA REVISIÓN.....	104
9. BASE LEGAL DO PROXECTO EDUCATIVO.....	105
10. PLANS E PROXECTOS.....	(ANEXOS)
11. PLAN DE CONVIVENCIA.....	(ANEXOS)
12. PROXECTO LINGÜÍSTICO.....	(ANEXOS)
13. PROXECTO LECTOR DE CENTRO. (ANEXOS).....	(ANEXOS)
14. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC OU PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL. (ANEXOS).....	(ANEXOS)
15. OBXECTIVOS E MEDIOS PREVISTOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO BILINGÜE.....	(ANEXOS)
16. PROXECTO DE PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES.....	(ANEXOS)
17. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA.....	(ANEXOS)

1.Aspectos xerais.

1.1. CONTEXTUALIZACIÓN.

MEAÑO, O CONCELLO.

Situado no centro do val do Salnés, rodeado polos Concellos de Ribadumia, Poio, Sanxenxo e Cambados, e aberto na súa parte baixa ó mar de Arousa, o Municipio de Meaño é un exemplo característico da Galicia Rural.

A súa extensión de 28 Km cadrados alberga unha poboación de 5.318 habitantes (Padrón de Habitantes de 2017, INE), que se concentra nas sete parroquias que forman o municipio: Covas, Padrenda, Xil, Meaño, Simes, Lores e Dena, sendo esta última a máis densamente poboada e a única en contacto co mar.



A poboación de Meaño no ano 2017 distribúese da seguinte maneira por sexo e idade:

Idade	Homes	Mulleres	Total
0-5	99	86	185
5-10	111	125	236
10-15	153	124	277
15-20	113	110	223
20-25	121	128	249
25-30	120	118	238
30-35	169	172	341
35-40	221	221	442
40-45	211	229	440
45-50	201	189	390
50-55	168	168	336
55-60	164	184	348
60-65	195	160	355
65-70	167	166	333
70-75	130	170	300
75-80	98	125	223
80-85	95	121	216
85-	58	128	186
Total	2.594	2.724	5.318

Apréciase, polo tanto, unha poboación de 921 persoas de ata 20 anos, de 1710 persoas de 20 a 45 anos, de 1429 persoas de 45 a 65 anos, e de 1258 persoas de máis de 65 anos. O envellecemento da poboación caracteriza á poboación meañesa”.

A condición socioeconómica dos seus habitantes é media, tendo na agricultura e no sector servizos o modelo económico-laboral fundamental que ocupa directamente ás tres cuartas partes da poboación; a construción, e profesións paralelas á mesma, os transportes e o comercio supoñen tamén as principais actividades do sector.

Continúa sendo relevante a existencia dunha economía complementaria para o consumo familiar baseado nas colleitas propias e a viticultura como actividade paralela. En moitas familias os avós e avoas seguen a desempeñar un papel importante na vida familiar dada as dificultades evidentes para conciliación horaria.

No que se refire á procedencia da poboación de Meaño, pódese dicir que a práctica totalidade pertence xeracións afincadas no mesmo pobo e comarca: un 90% son orixinarios desta bisbarra (das poboacións pertencentes ao concello de Meaño ou concellos limítrofes como Sanxenxo, Cambados, Ribadumia, etc.),

Cada vez percíbese unha maior inquietude e valoración da cultura, a cal desexan e preocúpanse para que a adquiran as novas xeracións. Queremos destacar a importante tradición no concello respecto á música coa Banda Municipal de Meaño e a súa escola de música. Todo un referente na comarca e que supón un dos maiores activos sociais do concello.

No campo asociativo, hai un avance importante. Na actualidade, en Meaño hai diversas asociacións culturais e de veciños, destacaremos entre elas: Asociación cultural Penaguda, Asociacións de mulleres rurais, Asociacións deportivas, etc.

Resaltar tamén o labor que dende a concellería de asuntos sociais e xuventude se realizan ao longo do ano neste eido.

A poboación na súa maioría é galego falante. Igualmente, o noso alumnado emprega o galego como lingua vehicular, se ben estamos observando un descenso importante no uso da lingua galega entre as novas xeracións de nenos e nenas que se matriculan na escola.

Servizos:

Policía

Centro de saúde

Biblioteca municipal

Centro Cultural de Dena

Pavillón de deportes

Campo de fútbol municipal

Centro da terceira idade.

Alumnado:

É un centro escolar que posúe tres unidades de Educación Infantil, e 6 unidades de Educación Primaria. No curso de aprobación do Proxecto Educativo de Centro o número de alumnos é de 160 alumnos/as, o que supón un pequeno incremento con respecto aos cursos anteriores.

AULA	ALUMNOS
3 ANOS	13
4 ANOS A	15
5 ANOS	17
1º E.P.	14
2º E.P.	23
3º E.P.	13
4º E.P.	23
5º E.P.	23
6º E.P.	19
TOTAL	160

Profesorado:

Conta no seu Claustro cun total de 17 mestres/as, distribuídos do seguinte xeito;

Catro especialistas de Ed. Infantil, das cales unha é mestra de apoio a Infantil.

Seis mestres/as titores/as de primaria.

Especialista de francés.

Orientadora (compartida co C.R.A de Meis).

Especialistas de inglés.

Especialista de música.

Especialista de educación física.

Especialista de pedagogía terapéutica.

Especialista de audición e linguaxe (compartido co CPI do Mosteiro).

Mestra de relixión (compartida co CEP A Florida).

O profesorado está formado por profesionais con ampla experiencia acumulada e traxectoria na formación deseñada dende o propio centro e a nivel externo. Debemos resaltar tamén que nos últimos cursos de formación dende o claustro de mestres e mestras creáronse vínculos colaborativos con outros profesionais de colexios da comarca que seguen liñas similares de traballo. Compartimos con eles formación, ideas, recursos, problemas, realizamos reunións conxuntas, etc. Dende o curso pasado o noso centro realiza visitas para coñecer outras realidades educativas que apostan pola significatividade do feito educativo.

Instalacións e servizos:

O centro consta de dous edificios. No edificio principal, que ten dous andares, é onde se atopan: a sala de mestres, a dirección, o departamento de orientación, a aula de pedagogía terapéutica, as aulas de infantil, 3º, 4º, 5º, e 6º de Educación Primaria; a biblioteca, aula de psicomotricidade, aula multidisciplinar Balbino, a aula de música, a cociña, así como uns baños e varios recunchos para albergar os utensilios de limpeza e de reparacións do centro. No outro edificio atópanse a aula de inglés, aula multidisciplinar, aulas de 1º e 2º de Educación Primaria, así como un espazo para o albergar a colección de xogos tradicionais do colexio. A escola tamén ten acceso ao pavillón municipal, para a práctica de actividades físicas. Cabe sinalar que as instalacións coas que conta o centro cumpren co establecido no RD 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan ensinanzas escolares de réxime xeral.

O colexio ten servizo de transporte escolar formado por 3 liñas de autobús, utilizado por unha ampla maioría do alumnado do centro.

1.2. O PE DO NOSO CENTRO.

Atendendo á Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio modificada pola Lei 8/2013 de 9 de decembro no seu artigo 120 establécese que os centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión así como as normas de organización e funcionamento do centro.

Así mesmo no exercicio da súa autonomía poden adoptar experimentacións, plans de traballo, formas de organización que serán aprobadas polas Administracións Competentes.

O proxecto educativo recollerá os obxectivos, os valores e as prioridades de actuación tendo en conta o contexto onde está situado, as necesidades e diversidade do alumnado a acción titorial e a convivencia entre outros aspectos.

O Proxecto Educativo de Centro (PE) é un instrumento de xestión e referencia que formula obxectivos e expresa a estrutura organizativa da nosa escola así como as nosas intencionalidades como centro.

Queremos destacar nos comezos deste Proxecto Educativo que máis alá do desenvolvemento programático que se plantexa o obxectivo e palabra clave para comprendelo debe ser INFANCIA. Non esquezamos en ningún momento que somos depositarios durante nove-dez anos, en gran parte, deste período fundamental na vida e desenvolvemento das persoas. O que ocorre na infancia ten repercusión para o resto da nosas vidas. A INFANCIA engloba o proceso educativo, o desenvolvemento cognitivo, sensoriomotor, emocional, afectivo-social, construción da identidade e desenvolvemento da personalidade. Esta máxima debe estar presente á hora de manexar, consultar ou ler este Proxecto Educativo do CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas.

O obxectivo común e intención última do presente documento é enraizar e asentir todas e cada un das liñas metodolóxicas que se desenvolven nel. Unhas raíces grosas e profundas fornecerán ao noso centro e en consecuencia á mellora de calidade educativa que propugnamos, tal e como a entendemos na nosa escola.

O Proxecto Educativo de centro que se presenta xorde da necesidade de revisión e actualización da documentación que rexe e diseña o plano metodolóxico do CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas. Os centros educativos son institucións que co paso do tempo e sempre dependo do conxunto de persoas que conforman a súa Comunidade Educativa están en constante movemento, cambian e evolucionan. Ante o devir de cambios, por outro lado lóxicos e normais, é preciso manter e acordar liñas educativas claras e consensuadas que aporten estabilidade e garantías na calidade de educación que se oferta.

Dende hai máis dez anos o CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas e o seu claustro de mestres e mestras amosa inquietudes por renovar e actualizar a escola da que formamos parte. Froito desta actitude resultan gran parte das accións deseñadas e efectuadas para que o proceso de ensinanza-aprendizaxe resulte máis produtivo e satisfactorio. As medidas adoptadas a este respecto deben incluírse no PE. A última data de revisión do Proxecto Educativo do noso centro data do curso 2009/2010, dende aquela data e tendo en conta o referido anteriormente respecto aos centros educativos como institucións en constante movemento, consideramos necesaria a actualización do documento para, deste xeito, integrar todas as dinámicas metodolóxicas, organizativas, estruturais, etc.

Os documentos programáticos nas escolas serven para deseñar, concretar e orientar a personalidades dos centros educativos e que, independentemente das persoas que

o conformen, eles como entes, manteñan un rumbo fixo e estable. Regulamento de Organización e Funcionamentos, Plan de Convivencia, Plan Lector, Plan de Atención á diversidade... entre todos eles O Proxecto Educativo eríxese como instrumento vertebrador e condicionante do xeito de traballar no CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas.

Tres son os estamentos da Comunidade Escolar do centro que deben ser coñecedores do presente documento e do proceso de innovación educativa iniciado na escola: alumnado, familias e docentes. Loxicamente, cada un dende a súa perspectiva, resultará fundamental que saiban e coñezan a filosofía que debulla este documento, desa maneira, e sendo todos e todas partícipes do mesmo, conseguiremos que o CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas como proxecto educativo medre e mellore. Será bo para os nenos e nenas e en consecuencia será bo para Meaño.

1.3. A ESCOLA QUE QUEREMOS.

No informe DELORS (UNESCO, 1999), a Comisión Internacional para a Educación do século XXI propón catro pilares básicos sobre os que debe organizarse a educación dos pobos do mundo:

- Aprender a coñecer.
- Aprender a facer.
- Aprender a convivir.
- Aprender a ser.

Dende o CEIP As Covas-Meaño somos conscientes de que a educación nos países desenvolvidos atópase inmersa nun proceso de cambio e adaptación. Este proceso de innovación é imparabile e así o reflicten as constantes renovacións das lexislacións educativas internacionais. Os centros educativos debemos camiñar cara unha adaptación das novas necesidades e demandas sociais, cara unha revisión das estratexias metodolóxicas máis centradas en buscar fortalezas que debilidades do noso alumnado. Entendemos que os cambios que afectan ás estruturas deben ser meditados, pausados e progresivos. Por iso consideramos que o noso colexio é o que se considera en ámbitos educativos unha *escola en tránsito*. Camiñamos en reflexión crítica constante cara un modelo centrado en experiencias de aprendizaxe, en preguntas, proxectos, na investigación, nas estratexias do pensamento, nos contextos de aprendizaxe, ambientes educativos, na importancia da educación emocional, etc. Todo elo convencidos e convencidas da necesidade de cambiar un modelo obsoleto e que non dá resposta ás necesidades educativas, competenciais e emocionais do alumnado do século XXI.

O CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas é un centro público defensor da escola pública, aconfesional, laica e sensible á importancia das persoas e os seus valores. Ao valor da comunicación para a resolución de problemas e comprender o mundo que nos rodea, á importancia de construír unha escola viva, activa, flexible e aberta; cremos nunha educación adaptada ao alumno e que actúe como organismo compensador das desigualdades de diversa índole. O respecto á diferenza e a convivencia entre iguais son e serán condición *sine qua non*.

“Entre a educación tradicional baseada na autoridade, e a súa contraria, a que rexeita totalmente a autoridade, esténdese un país moi grande, repleto de posibilidades” (Wild, Educar para ser).

Sentimos a necesidade de replantexar fórmulas dadas xeracións tras xeracións nun mundo, o da educación, onde é preciso *“Desaprender para volver a aprender” (Mar Romera)*.

Asumimos a idea de utopía de Eduardo Galeano asociada a metáfora educativa, por iso ansiamos conseguir unha escola intelixente (David Perkins) - entendendo esta como un centro onde o alumnado non só teña acceso ao coñecemento senón que utilice as estratexias do pensamento a partir do que coñece, un centro onde se avance dende o adestramento da memoria cara a educación da mente, un centro onde o alumnado poda transferir o aprendido á súa vida e contexto social, un centro onde os nenos e nenas acudan cada mañá a propoñer preguntas e non a contestar respostas-. Asumimos este ideal conscientes de que cada vez que subimos dez chanzos, na escaleira aparecen dez máis, mais o realmente importante é que continuemos ascendendo e camiñando cara unha mellora da calidade educativa.

A escola é unha ferramenta de transformación social, a sociedade está en constante proceso de cambio e iso obriga ao noso centro a un continuado proceso de revisión, avaliación e adaptación. Obríganos a ser unha escola transformadora, unha escola do coñecemento, agora ben, un coñecemento orientado a comprometerse co mundo e que faculte aos nosos nenos e nenas a ter voz propia. Anhelamos e desexamos que o noso alumnado ao longo de todos os anos que pase na nosa escola aprenda “a pensar ben”. O alumnado será animado a actuar, pensar, discutir, aportar e a construír de xeito individual e colectivo nunha rede de coñecementos e aprendizaxes ligados á vida de forma natural e espontánea.

Propoñemos seguir avanzando na construción dunha nova cultura na que se eliminen os estereotipos e os prexuízos, que sexa moito máis aberta e plural e na que se sitúen no centro do feito educativo a transmisión de hábitos e valores, e non só coñecementos curriculares. Adicarase moita máis atención á análise e transformación, comezando pola propia formación do profesorado.

Para construír esta escola debemos partir do noso sentido crítico. Fronte a cada pregunta, a cada resposta, a cada estereotipo, preguntarnos se é realmente o que cremos que debe ser transmitido.

1.4. DECÁLOGO DE CENTRO.

1.- Xestión de centro participativa e democrática en todos os seus ámbitos. A propia metodoloxía activa do centro incidirá e necesitará da participación e implicación da comunidade educativa, en especial das nais e pais do alumnado. Un centro que ofrezca a oportunidade de coordinar e participar de plans educativos á súa comunidade escolar será sen dúbida exemplo relevante na conquista de democracia no campo educativo. No século XXI, a escola non é o único axente que educa, por este motivo debemos implicar a outros axentes socializadores e facilitar os cauces para que toda a comunidade educativa asuma responsabilidades de participación.

2.- Participación e coordinación do profesorado. A participación permite a discusión e análise crítica. Pretendemos que no CEIP As Covas-Meaño se propicie un marco de relacións persoais baseado na participación e coordinación; isto implica bases para o traballo en equipo e frear o individualismo.

3.- Implicación activa nos proxectos de escola por parte de todos os membros que integran a Comunidade Educativa. O compromiso activo dunha escola comeza cando os seus membros sintense involucrados persoal e colectivamente na mellora da nosa escola e aceptan de maneira consensuada os seus obxectivos de centro.

4.- Predisposición positiva cara os cambios e innovacións. Son sabidos e coñecidos os tempos de cambio e revolución que vive a nosa sociedade nesta década. Neste entorno cambiante faise necesario que as escolas sexan capaces de xerar un equilibrio entre a adaptación ás novas demandas sociais, culturais, laborais... así como unha resposta crítica ás mesmas. A neuroeducación aporta hoxe en día aos centros educativos informacións e puntos de vista novos e descoñecidos ata o de agora que obrigan a cambiar e adaptar as metodoloxías co noso alumnado.

5.- Grao óptimo de relación entre o aspecto formal e o informal. O aspecto formal o representan os obxectivos explícitos, as normas de funcionamento, as responsabilidades, etc. O aspecto informal representa o nivel emocional ou socioafectivo; neste nivel de funcionamento cabe buscar a creación dun clima que favoreza a aceptación mutua, libre comunicación e a non competitividade.

6.- Escola con equipo de mestres e mestras estable. Os centro educativos precisan estabilidade en canto aos profesionais que traballan. Tendo presente as alteracións derivadas dos procesos administrativos habituais, os procesos colaborativos fundamentais da escola mellorarán substancialmente en tanto en canto exista unha base sólida e asentada de docentes.

7.- Escola como espazo para o desenvolvemento profesional docente. O CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas é tamén un espazo de aprendizaxe para os mestres e mestras. Unha educación de calidade debe propiciar a formación continua do profesorado. Traballamos nunha formación permanente que axude a consolidar e complementar a cultura de centro. Debemos contemplar novas estratexias e recursos que se adapten ás experiencias que xorden do traballo en aula e o debate pedagóxico. Resultará fundamental crear e xerar espazos que permitan a aprendizaxe entre iguais.

8.- Colaboración institucional: O CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas está aberto ao contexto próximo e outras instancias sociais. A nosa escola progresará se se atopa activa e inmersa na sociedade na que vive e que xera. Esta apertura é vital para que non se fomenta unha cultura pechada e endogámica.

9.- Adecuación do profesorado ao proxecto de centro e non ao contrario. O Proxecto Educativo de Centro do CEIP As Covas-Meaño non pode adaptarse ás necesidades do profesorado, debe ser á inversa. Dito doutra maneira, a educación

dos nenos e nenas da nosa escola non pode depender do factor sorte segundo o docente que lle sexa asignado. A finalidade deste proxecto é garantir estilos de aprendizaxe, metodoloxías e liñas de actuación comúns entre todos os niveis educativos.

10.- A Educación Infantil non prepara para a Educación Primaria e a Educación Primaria non prepara para a Educación Secundaria. Todas preparan para a vida. Todas teñen a súa entidade e as súas propias necesidades. Esta afirmación leva implícito ao mesmo tempo que o alumnado cubra o obxectivos que marca a administración para cada nivel.

1.5. VALORES, PRIORIDADES E PROCEDEMENTOS.

Valores e aspectos que definen ao CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas:

Coeducación. A importancia de favorecer o desenvolvemento integral das persoas independentemente do sexo ao que pertenzan. Queremos ser unha escola que traballe para ir configurando e avanzando na redución e corrección de todo tipo de desigualdades ou discriminacións por razón de sexo. Partimos da aceptación da pluralidade, da diversidade e diferenza e un profundo respecto do desenvolvemento como persoas de ambos sexos.

Creatividade. *“A creatividade é tan importante na educación como a alfabetización”, “O sistema educativo actual mata a creatividade”.* Ambas citas pertencen Sir Ken Robinson e describen á perfección o sentir do noso centro. É necesario tamén un cambio nas aulas neste sentido. A capacidade creativa e o pensamento diverxente son unha parte importante da aprendizaxe e xeran unha gran dose de motivación na tarefa escolar. Mostrar ao alumnado que as súas voces creativas importan. Supón pois unha habilidade fundamental a fomentar nos nenos e nenas. No CEIP P. De Meaño-As Covas propiciarase o *“ensinar a permitir ser creativos”*. Terán importancia vital as metodoloxías para propoñer escenarios onde a libre expresión e participación propicien a creatividade.

Comprometidos co medio ambiente. Estamos asentados nunha das ladeiras do Monte A Toxa. A nosa contorna está inmersa na paisaxe deste monte. O respecto, coidado e conservación do noso medio é fundamental. Máis aínda cando o concello de Meaño vive dunha forma tan directa dos beneficios que ofrece a terra. Coidar o noso mundo comezando pola nosa terra, Meaño. O medio e a natureza como fonte de aprendizaxe e xerar conciencia a partir de vivencias no entorno tan rico do que temos a sorte de estar rodeados. Dende a nosa escola empregaremos a contorna como primeira *ventá do asombro*, principal elemento motivador ao que fai referencia Catherine Lécuyer. É necesario potenciar o contacto coa natureza xa que, ademais, favorece a atención e desenvolve calidades como a paciencia e o valor do esforzo, necesarios na sociedade actual.

Sermos coñecedores e partícipes da nosa cultura. Pouco temos que ver coas sociedades agrarias de décadas atrás onde a música, o baile, a lírica popular e tradición oral en xeral tiñan unha funcionalidade. É tarefa das escolas, entre outras institucións, devolver á sociedade este legado inmaterial que como pobo herdamos das xeracións anteriores a educación compensatoria, Só coñecéndonos a nós mesmos conseguiremos entender o mundo. Partir do noso entorno para coñecer outras realidades. Valorar as diferenzas culturais e lingüísticas como posibilidades, nunca como dificultades ou atrancos.

Pensamento crítico. Fundamentado na análise da realidade de maneira que o neno/a poida chegar a tomar decisións responsables na súa vida.

“...Que os estudantes no só coñezan, senón que pensen a partir do que coñecen...”
(Perkins).

Pensar para entender, compartindo coñecementos; reflexionar e analizar o que se aprende.

- Pensar acerca do que se aprende.
- Cuestionar o noso xeito de pensar e assimilar ideas novas e diferentes.
- escoita activa para incorporar outras opinións que xorden durante o proceso de aprendizaxe.
- Proporcionar habilidades que permitan seguir aprendendo por si mesmos.

O pensamento crítico resultará valioso para o alumnado pero debe ir acompañado de reflexión e creatividade (habilidades do pensamento). O pensamento crítico como crítica reflexiva e argumentativa. Un dos nosos eixos da metodoloxía é a filosofía para nenos de Mathew Lipman, a través da cal contribuiremos ao desenvolvemento destas habilidades.

Están tamén presentes as estratexias do pensamento de Robert Swart (TBL) e a súa integración no currículo de maneira que o alumnado integre e amplíe as súas destrezas de pensamento e se achegue aos contidos curriculares cunha maior capacidade de comprensión.

Escola democrática e participativa. Unha escola solidaria, con actitude de diálogo pero sobre todo incidindo na necesidade de educar para a democracia. É dicir, desenvolver capacidades e habilidades para a convivencia social, a solidariedade, a participación e o respecto. Resaltar a responsabilidade social que temos como parte

dun colectivo de homes e mulleres ao que pertencemos, intentar contrarrestar o excesivo individualismo que impregna o mundo actual.

Implementaranse para elo prácticas educativas que fomenten procesos de deliberación e participación activa, a participación erixírase como eixe articulador do feito democrático.

Participación, diálogo permanente, emisión de opinións, reflexión crítica respecto das normas e consecuencias da transgresión, compromiso por actuar de maneira conxunta, aceptación de responsabilidades. Entendemos o proceso de ensinanza-aprendizaxe como un proceso no que feito democrático existe, está vivo e se desenvolve con normalidade. É por iso polo que creamos o Consello Escolar Infantil, idea apoiada na obra de Francesco Tonucci “A cidade dos nenos”.

Escola respectuosa co diversidade, etapas de desenvolvemento e os procesos de vida.

“Só se os nenos poden vivir hoxe plenamente como tales, mañá serán persoas adultas na plenitude do seu potencial. O cágado non se fai un mellor sapo se o forzamos a vivir fóra da auga prematuramente. Así tamén, o neno non desenvolve mellores calidades humanas se se reprimen os seus impulsos naturais, se se lle obriga a portarse como un pequeno adulto que ten que estar durante moitas horas inmóbil, calado, asimilando coñecementos en proporcións reguladas cientificamente por medio de leccións verbais, seguindo exercicios predeterminados, de acordo a un horario organizado por especialistas en pedagogía”. (José Ortega y Gasset).

Partimos do coñecemento das etapas de desenvolvemento e os procesos de vida da infancia, en concreto dos tramos de idades que comprenden aos nosos alumnos e alumnas. Teranse en conta as necesidades de cada etapa á hora de deseñar espazos e ambientes propicios para cada unha delas.

Transversalidade educativa. As escolas debemos vivir de cara ao mundo que nos rodea, actuando e interactuando con el, na nosa contorna máis próxima e tendendo pontes con outras realidades educativas, sociais e/ou culturais.

Ademais da ineludible tarefa familiar, as escolas estamos obrigadas a introducir nas dinámicas de aprendizaxe reflexións éticas que cheguen ás máis variadas esferas da vida. Un escola onde o alumnado aprenda a desenvolver tódalas súas potencialidades, non só as intelectuais, senón tamén aquelas outras que teñen que ver coas actitudes e valores: educar para a paz, para a defensa do medio ambiente, para a igualdade dos dereitos entre ambos os sexos, para a pluralidade relixiosa e cultural, para a tolerancia, para o respecto dos dereitos humanos, para o respecto e sensibilidade pola identidade sexual das persoas, para a saúde,

“Design for Change”, ser capaces de participar, de implicarnos e motivarnos para cambiar o mundo dende o noso entorno. A transversalidade como metodoloxía de aprendizaxe.

A Importancia das emocións. A neurociencia sinálanos a importancia das emocións e a súa influencia no pensamento e comportamento das persoas. O feito de incorporar as emocións ao feito educativo ten unha importancia crucial dentro do Proxecto Educativo de Centro do CEIP P. De Meaño-As Covas, resulta vital para *“prever os conflitos e a violencia, permitindo que as persoas poidan construír o seu propio benestar emocional e contribuír ao benestar social”* (Rafael Bisquerra).

Educar con emocións e en emocións, coñecéndoas, incluíndo procesos reflexivos que aprendan a distinguir o preconsciente do consciente.

“O cerebro só aprende se hai emoción”, “Só se pode ensinar a través da alegría”.

Estas dúas frases do neurocientífico Francisco Mora resumen e fundamentan o ideal de centro ao respecto do tratamento e posta en valor de determinadas emocións no traballo de aula.

Principio de individualización e respecto á diferenza. Aínda que nos diferencien algúns valores, dependendo da familia da que formemos parte e a sociedade na que vivamos, o respecto á diferenza, ao diverso, ás distintas culturas e razas ou á nosa forma de vestir son parte estrutural da filosofía deste Proxecto Educativo.

Non cremos na uniformización como método e solución igualitaria. Respecto ao neno ou nena tal e como é, tal e como pensa, tal e como viste, sen discriminacións de ningún tipo; cremos firmemente que para educar no relativo ás diferenzas non debemos ocultalas senón abordalas entre iguais.

Importancia dos vínculos familiares e relacionais. Queremos ser unha escola que traballe para subraiar os potenciais individuais dos alumnos e alumnas, de forma que crean en si mesmos e nas súas capacidades, pero sen perder de vista a necesidade de manter os vínculos familiares e coas persoas que os rodean, de xeito que perciban sempre a súa presenza no camiñar pola vida e poidan acudir a eles, para pedir axuda ou para axudar. Non podemos esquecer que os vínculos fortes entre as persoas son fonte de xeración de empatía, tan importante para as relacións diarias dos nosos nenos e nenas.

A música, elemento vertebrador, terapéutico e favorecedor da diversidade. Está sobradamente demostrado pola neuroeducación a importancia e relevancia da música no desenvolvemento, saúde e evolución do ser humano. Queremos deixar constancia da importancia que atribuímos dende o CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas a esta disciplina e que vai máis alá da sesión semanal que a actual lei de educación asigna á Educación Infantil e Primaria. A música na nosa escola é un elemento presente, funcional e enriquecedor. Durante os nove/dez anos de matrícula na nosa escola, o alumnado terá acceso á escoita e interacción con estilos e músicas variadas, sorprendentes, evocadoras... músicas aos que o alumnado non ten acceso na gran maioría das ocasións. Timbres musicais, músicas de recreos, “Cantigas de peto”, charanga da escola... É unha educación compensatoria, mais tamén cremos que unha aposta de futuro polo respecto ás diferenzas.

1.6. PREGUNTAS PARA ENTENDER O PROXECTO EDUCATIVO.

Cada centro educativo conforma a súa propia idiosincrasia e xeito de traballar. Segundo a lei educativa actual, os colexios teñen autonomía para adaptar os programas ás características do medio no que están inmersos, adoptar métodos de ensinanza personalizados e identificar as necesidades do entorno no que está inscrito o colexio.

A matriculación dun neno ou nena na nosa escola conleva un exercicio importante de confianza e convencemento das súas familias. É recomendable coñecer o estilo de aprendizaxe do citado centro, as pedagogías nas que fundamentan o seu traballo, a visión e interpretación que se fai sobre a infancia. Do mesmo xeito os mestres e mestras que traballan no CEIP P. De Meaño As-Covas deben ser coñecedores do deseño curricular existente para así adaptarse o máis cedo posible ás dinámicas existentes así como á filosofía de escola.

Propóñense a continuación unha serie de preguntas que axuden ao lector ou lectora interesado en coñecer a nosa escola a reflexionar ao respecto:

- EN QUE CENTRO EDUCATIVO ME ATOPO TRABALLANDO?
- QUE PODO APORTAR EU COMO MESTRE/A A ESTE PROXECTO EDUCATIVO?
- QUE METODOLOXÍAS E BASES PEDAGÓXICAS FUNDAMENTAN A ESCOLA NO QUE ME ATOPO?
- DEBO ACTUALIZAR AS MIÑAS METODOLOXÍAS PARA TRABALLAR NESTE CENTRO EDUCATIVO?
- QUE ME OFRECE COMO PAI OU NAI?
- QUE OFRECE PARA OS MEUS FILLOS/AS?
- TRÁTANME BEN, RESPÉCTANME E VALÓRANME COMO O QUE SON NESTE COLEXIO?
- CONFÍO NOS PROFESIONAIS QUE TRABALLAN NESTE CENTRO EDUCATIVO?
- PERCIBO IMPLICACIÓN E TRABALLO?
- QUE CONSIDERO MÁIS IMPORTANTE PARA A EDUCACIÓN DOS MEUS FILLOS/AS, QUE LLE ENSINEN A PENSAR OU A MEMORIZAR?
- CONSIDERAS PRIORITARIO QUE O TEU FILLO/A GOCE APRENDENDO OU ES MÁIS DA IDEA DE QUE “A LETRA CON SANGUE ENTRA”?

2. OBXECTIVOS DO PROXECTO EDUCATIVO.

Entre as finalidades educativas que o centro propón entre os distintos ámbitos de acción deben estar sempre presentes as características das etapas evolutivas do desenvolvemento humano.

2.1 ÁMBITO DO ALUMNADO E DO SEU DESENVOLVEMENTO.

- Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade do noso alumnado, axudándolle a aprender, razoar e tomar decisións por si mesmos.
- Coñecer e recoñecer as fortalezas e debilidades nun mesmo: autoconhecimento e Intelixencias Múltiples.
- Conseguir xerar actitudes de persoas que resolven as súas discrepancias facendo uso da palabra, a reflexión e o razoamento. Nunca da violencia.
- Desenvolver a capacidade de interacción e rol social. Saúde (física e mental).
- Ter sentido crítico e aumentar a autoestima.
- Aprender a escoitar.
- Construír unha imaxe de si mesmos na que acepten as súas limitacións e coñecemento das súas posibilidades.
- Dotar de habilidades emocionais: traballo das emocións (filosofía para nen@s),
- Fomentar a creatividade e a empatía.
- Dotar ao alumnado das estratexias que se derivan da aprendizaxe baseado nas habilidades do pensamento (TBL)).

2.2 ÁMBITO PEDAGÓXICO..

- Priorizar o realmente de interese e funcional para os alumnos e alumnas, procurando enxerir a acción educativa dentro do seu contexto sociocultural.
- Establecer un deseño metodolóxico que integre as estratexias máis axeitadas para favorecer a motivación e a actividade eficaz dos alumnos: Ambientes educativos e contextos de aprendizaxe.
- Focalizar o campo de acción na actividade interdisciplinar, internivel e a aprendizaxe significativa e funcional.
- Propiciar situacións de comunicación para crear un clima favorable.
- Desenvolver a socialización do alumnado a través do traballo cooperativo como complemento do individual.
- Respectar os tempos evolutivos en relación á construción da aprendizaxe e desenvolvemento integral dos nenos e nenas
- Procurar que os noso alumnos adquiren os medio necesarios para o acceso á cultura do noso tempo, ben sexan estes instrumentais ou científicos.
- Estimular no alumnado a adquisición de hábitos e dinámicas funcionais para a vida, facendo que se sinta protagonista da súa propia educación e intentando conseguir o maior grao de preparación intelectual, ética, social e física.
- Diseñar ambientes educativos, espazos, contextos de aprendizaxe adecuados ao nivel de desenvolvemento do alumnado e dotar aos mesmos do material didáctico pertinente.
- Traballar a transversalidade como fonte importante da adquisición de valores e actitudes.

- Fomentar o respecto cara as diferenzas ideolóxicas, relixiosas, sociais, culturais..., para conseguir unha escola tolerante e participativa.
- Realizar as diferentes exploracións e valoracións dos alumnos durante o seu período de estancia no centro educativo.
- Confeccionar a historia pedagóxica do alumno a través dos diferentes protocolos de actuación que considere oportuno o equipo (Informe psicopedagóxico, rexistro adaptación, documento individual de adaptación curricular...). Incidirase na elaboración dende unha perspectiva proactiva de plans de prevención, tanto a nivel de detección como de intervención.
- Informar ao Departamento de Orientación sobre as incidencias e situacións que poidan alterar o proceso de desenvolvemento do alumnado e a aplicación do Proxecto Educativo do Centro.
- Realizar seguimento dos alumnos, con maiores necesidades por parte dos diferentes profesionais a través dos casos clínicos que se poden expor de maneira periódica.
- Propoñer iniciativas e experiencias pedagóxicas e de innovación.
- Realizar entrevistas persoais coa familia ou tutores, para informar, aclarar puntos de vista, resolver situacións ou orientar acerca de circunstancias determinadas.
- Avaliar de común acordo os resultados obtidos e estudar as posibilidades de corrección das anomalías detectadas.
- Valorar todos os aspectos de maneira interdisciplinar no momento da alta ou posible matrícula dun novo alumno.
- Levar a cabo un seguimento e valoración da consecución dos obxectivos do propio equipo, reflectidos en Plan Xeral Anual e posteriormente avaliados na Memoria Final.

- Realizar diferentes propostas á Dirección do Centro para a mellora, o benestar e calidade de vida dos alumnos.
- Identificar as necesidades educativas, sociais e asistenciais dos alumnos.
- Coordinar as actividades de intervención psicopedagóxicas e orientación educativa.
- Detectar e identificar situacións de risco para o alumno.
- Informar á familia/titor da situación real do alumno.
- Favorecer a implicación e participación das familias/titores no proceso educativo asistencial dos alumnos.
- Coordinarse no propio centro así como con outros centros e institucións que teñan vínculo coa escola.
- Impulsar a formación permanente do profesorado como indicador prioritario para a calidade de ensino do centro.

2.3. ÁMBITO DE RELACIÓN, INTEGRACIÓN E PARTICIPACIÓN CO ENTORNO SOCIAL E INSTITUCIONAL.

- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- Integrar na vida do centro aos alumnos, pais, mestres e persoal non docente, facilitándolle as canles de información e participación.
- Distribuír competencias, responsabilidades e funcións a fin de conseguir unha xestión verdadeiramente participativa.
- Organizar axeitadamente os espazos do centro.

- Fomentar a colaboración da nosa escola con outros colexios, asociacións, organismos sociais e/ou culturais como forma de enriquecer a nosa personalidade educativa e de centro.
- Abrir o centro, cos seus medios e dependencias, ás demandas sociais e culturais do entorno.
- Implicar ao centro na mellora do contexto social ao que se circunscribe.
- Facer partícipe á comunidade educativa do feito educativo.

2.4. ÁMBITO HUMANO E CONVIVENCIAL.

- Establecer un marco de convivencia baseado nun regulamento de réxime interno que permita a todos os membros da comunidade escolar facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
- Conseguir que a convivencia no centro, baseada no diálogo, o respecto e a estima, permita o nacemento de vencellos de amizade e comunicación.
- Procurar a participación de todos os sectores na tarefa educativa.
- Potenciar e facilitar as actividades de formación do profesorado para a súa aplicación práctica na aula e propiciar a liña única metodolóxica.
- Fomentar o compromiso solidario co entorno e a colectividade na que se integra a escola.
- Fomentar hábitos cívicos.
- Integrar a todos o compoñentes da Comunidade Educativa neste Proxecto Educativo, transmitir a ilusión e convencemento que temos no mesmo.

2.5. XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DE CENTRO.

- Máxima transparencia nas informacións, comunicacións e participacións na vida do centro.
- Conseguir unha identidade de centro: O CEIP P. De Meaño-As Covas.
- Ser coherentes entre os principios e liñas metodolóxicas deseñados así como na acción educativa de centro.
- Potenciar as canles de información, comunicación e participación no Centro.
- Xestionar con responsabilidade e prioridade pedagóxica e educativa os recursos económicos do Centro.
- Impulsar a xestión democrática en todos os aspectos da vida escolar.
- Asumir a autonomía do centro, curricular e organizativa.
- Organizar adecuadamente o tempo e os espazos para obter o máximo aproveitamento.
- Establecer vías estables de comunicación coa Comunidade Escolar.
- Implicar a toda a Comunidade Educativa no proxecto de centro.
- Favorecer un clima de tolerancia entre todos os membros da Comunidade Educativa resolvendo os conflitos por medio do diálogo e participación responsable.
- Potenciar o sentido de pertenza ao CEIP P. De Meaño-As Covas.
- Planificar metas a longo e curto prazo que favorezan a calidade de organización e xestión do centro.
- Propiciar e concibir o traballo en equipo como unha necesidade de centro.
- Propiciar o debate de ideas.
- Controlar o proceso de organización escolar para asegurar que as actividades previstas e acordadas se axusten ao planificado ou acordado.

3. ASPECTOS CURRICULARES. CONCRECIÓN CURRICULAR.

Á hora de abordar a proposta metodolóxica da escola, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Documentos legislativos que avalan a nosa proposta educativa, entre eles os novos currículos publicados a nivel estatal concretados para a nosa Comunidade Autónoma.
- A escola que queremos ter e queremos ofrecer ao entorno e á comunidade educativa.
- O benestar emocional do alumnado, acudindo á escola como lugar de aprendizaxe, relación e motivación sen albergar ningún tipo de exclusión social.
- A proposta metodolóxica e carácter singular que queremos ofrecer de “ escola aberta”, en pleno desenvolvemento onde o alumnado e as súas familias así como o entorno onde se sitúa o centro sexan o eixo central, lugar de aprendizaxe, reflexión conxunta e convivencia.
- Decisións de carácter xeral sobre metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias clave:

“O obxectivo debe ser poñer ao alumnado, as súas capacidades e as súas necesidades no centro da aprendizaxe. O cambio educativo xira en torno a unha educación para a igualdade, o compromiso social, a coeducación, a inclusión e o respecto ás diferenzas” (Marina Subirats).

Neste marco plantexado eríxese a proposta metodolóxica da escola como “ESCOLA EN MOVIMENTO E ESCOLA DO CAMBIO”.


Isto da lugar á idea de escola transformada e transformadora, achegándonos ós postulados da lexislación vixente concretamente a ECD 65/2015 de 21 de xaneiro que establece e plantexa a necesidade de desenvolver no alumnado as capacidades relacionadas coas Competencias Clave sendo a escola a que debe poñer ao servizo do alumnado esta posibilidade. Así, seguindo as recomendacións de dito documento marco e que guía a nosa proposta metodolóxica, centrada no desenvolvemento de habilidades, destrezas e capacidades do noso alumnado dun xeito global, dun xeito íntegro e non sesgado sendo as materias e os contidos a vía de chegada de rapaces e rapazas ó coñecemento.

Este, non pode estar ligado unicamente a un único recurso como o libro de texto senón que debemos contar con multitude de recursos para ofrecer, sendo a biblioteca de centro un espazo prioritario na escola, un motor da aprendizaxe, e outras ferramentas como o emprego das TIC, TAC e TEP.



O profesorado tras unha profunda reflexión, considera importante o traballo vivenciado por parte do alumnado onde este sexa quen de crear e reconstruír as aprendizaxes, incluso facendo partícipe ao entorno próximo do mesmo polo que se implica cognoscitivamente en aquilo que está a desenvolver, e aprender facendo.

Para o desenvolvemento das competencias clave, deben artellarse, como así se está facendo dende a escola, tarefas que facilitan o traballo conxunto de varias áreas á vez así como varias competencias, dado que, ser competente responde a un esquema como o que se mostra a continuación:



Atendendo pois a esta premisa, plantexada na lexislación vixente, somos conscientes do que o alumnado é un todo e que na aprendizaxe e no desenvolvemento das súas capacidades deben estar presentes os coñecementos, as destrezas e actitudes que nos permitan saber o que é capaz de facer cada alumno/a a través de diversas técnicas e instrumentos de avaliación. Para isto xorde a proposta metodolóxica que a

continuación citamos como unha resposta ao como ensinar no noso centro, aspecto relevante xa que, o alumnado aprenderá facendo, manipulando, vivenciando, investigando, propoñendo, e desenvolvendo produtos con sentido. Estamos falando de aprender a aprender.

Algunhas propostas metodolóxicas que sustentan o noso proxecto educativo acordes ás propostas e tendencias que o currículo e a lexislación actual plantexan para o desenvolvemento das competencias clave no alumnado son as seguintes:

- Contextos de aprendizaxe. Situación de aprendizaxe xerada onde se persegue unha aplicación real do feito educativo. Supón un xeito de plantexar ao alumnado escenarios recoñecibles da sociedade e motivadores polo matiz que implican de realidade e funcionalidade.
- Aprendizaxe cooperativa. Traballo en grupo con roles asumidos para realizar tarefas de maneira colectiva con alumnado heteroxéneo.
- Investigación no medio. Coñecer e ampliar coñecementos e destrezas a partir do mundo natural máis próximo.
- Proxectos de traballo. Serven de base para traballar e fomentar a interdisciplinariedade no proceso de aprendizaxe do alumnado. A metodoloxía do traballo por proxectos, está presente nas aulas como unha proposta propia das programacións didácticas do profesorado que perciben na mesma un xeito de que o alumnado sexa protagonista do proceso de E-A, e desenvolver distintos tipos de pensamento, apoiar o traballo en intelixencias múltiples e unha clara resposta á diversidade. Os proxectos son motivadores, provocan diversas situacións de aprendizaxe en distintos espazos e a escola tórnase un lugar de investigación, de fluír de informacións, de vivencias entre o alumnado

(conferencias, tutoriais, charlas, xestión de información a biblioteca) onde eles e elas protagonizan multitude de momentos creativos e á vez didácticos.

- Intelixencias múltiples. A teoría das Intelixencias Múltiples desenvolvida por Howard Gardner supón dende hai anos para escolas de todo o mundo que apostan polo cambio de paradigma educativo unha ferramenta moi valiosa para que o propio alumnado tome conciencia das súas fortalezas e puntos débiles. A partir desta primeira análise propóñense paletas de actividades baseadas nas distintas intelixencias do Doutor Gardner.
- Método científico. Pártese da curiosidade natural do alumnado. O alumnado reflexiona sobre os feitos, busca probas e experimenta.
- Estudo de casos. Análise e exposicións de hipóteses sobre casos concretos. Implica investigación, selección de contidos, sintetización dos mesmos, exposición e transmisión de ideas e conclusións finais.
- Talleres e contornos. Agrupamentos heteroxéneos para desenvolver tarefas específicas do currículo que supoñen que o alumnado cree, elabore produtos.
- Ambientes educativos. Espazos temáticos deseñados para que xerar pequenas investigacións, curiosidades. Son contextos cheos de estímulos e que xeran relación social na etapa de infantil. Pretenden desenvolver unha educación activa centrada nos intereses dos nenos e as nenas de entre 3 e 6 anos. O alumnado adquire o seu propio coñecemento e o docente adquire o rol de guía. O xogo é un recurso didáctico fundamental.

3.1. ÁMBITO METODOLÓXICO DO CENTRO.

“Qui docet discet.”. Cando ensinas aprendes dúas veces (Séneca).

Logo dun lento proceso de reflexión individual e colectiva, dende hai aproximadamente seis anos o CEIP Plurilingüe de Meaño-As Covas iniciou un proceso de transformación e evolución que nos trae ata o curso actual. A continuación exponse de xeito descritivo como é e como se estrutura a nosa escola dende o ámbito metodolóxico e de organización de centro:

3.1.1. INTERDISCIPLINARIEDADE.

Existen multitude de nexos entre as distintas áreas que configuran o currículo de Educación Primaria, non son nin deben ser compartimentos estanco. Ao interrelacionar os distintos contidos xenérase unha cadro de interacción. Investigación e interdisciplinriedade son dous conceptos que van unidos, sobre todo nas disciplinas científicas que se abordan na escola, é sen dúbida unha necesidade da sociedade actual e da construción do coñecemento. Os traballos interdisciplinarios ofrecen unha mellor comprensión da natureza, da sociedade e das persoas que conforman a sociedade obxecto de estudio.

Fundamentalmente no CEIP P. De Meaño-As Covas a interdisciplinriedade tratarase dende dúas perspectivas metodolóxicas coñecidas, recoñecidas e cunha ampla presenza nas liñas de innovación educativa das últimas décadas:

3.1.2. AGRUPAMENTOS INTERNIVEL.

Educación Infantil.- De maneira gradual e progresiva, durante os cursos posteriores ao de aprobación do presente documento o alumnado de Educación Infantil conformará aulas que integren nenos e nenas de distintas idades (tres, catro e cinco anos). Un aula de idades mixtas resulta un ambiente máis real que un aula na que todos teñen a mesma idade. No día a día de nenos/as e adultos/as estamos rodeados de persoas de moi variadas idades, trátase de normalizar esta situación e aproveitar todas as ventaxas que conleva para o desenvolvemento, proceso de aprendizaxe, socialización, autoestima e empatía do alumnado. Para elo iranse implementando porcentualmente dinámicas de traballo e xogo de deseño internivel.

Educación Primaria.- Do mesmo xeito que na etapa anterior, o alumnado de Primaria comparte actividades e tarefas con compañeiros e compañeiras doutros cursos. O momento horario dos *Contextos de aprendizaxe* será o escollido para a relación internivel. Realízase de xeito diario.

Propiciaranse ademais situacións de intercambio e contacto entre nenos e nenas de cursos e etapas diferenciadas, conscientes do aproveitamento que supón a todos os niveis este tipo de interacción durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

3.1.3. DESEÑO HORARIO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA	TITORÍA
CONTEXTOS DE APRENDIZAXE	CONTEXTOS DE APRENDIZAXE	CONTEXTOS DE APRENDIZAXE	CONTEXTOS DE APRENDIZAXE	CONTEXTOS DE APRENDIZAXE
RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA	LECTURA
AXENDA ESCOLAR	AXENDA ESCOLAR	AXENDA ESCOLAR	AXENDA ESCOLAR	AXENDA ESCOLAR
ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES	ESPECIALIDADES

*horario xeral con adaptacións concretas a cada nivel.

Nun primeiro tramo da mañá cada titor/a recolle ao seu alumnado para desenvolver a asemblea da mañá, exposicións orais programadas e traballar aspectos curriculares instrumentais, para, a partir dese momento comezar a dinamizar ao alumnado nunha estrutura denominada CONTEXTOS DE APRENDIZAXE, onde, se misturan alumnos e alumnas de 3º,4º por un lado e 5º e 6º curso polo outro. Ambos grupos traballan entorno a diferentes temáticas torno a diferentes temáticas mensual que abarcará os seguintes contextos: contexto lingüístico, contexto matemático, contexto humanístico e contexto científico.

Pretendemos deste xeito fomentar a aprendizaxe cooperativa entre o alumnado, acadar destrezas propias de varias competencias (aprender a aprender, competencia lingüística, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e sociais e cívicas...)

expoñendo a nenos e nenas a situacións de aprendizaxe manipulativas, experimentais, motivadoras, onde se fomente o gusto pola indagación e pola elaboración de produtos de relevancia social para compartir non só dentro da escola senón tamén coa contorna próxima. Creemos que, a motivación é parte inherente da aprendizaxe e por isto pretendemos unha nova visión da escola, un novo uso dos espazos, e maior xestión por parte do alumnado, sendo elas e eles os protagonistas da aprendizaxe.

3.1.4. DISEÑO HORARIO EDUCACIÓN INFANTIL.

PSICOMOTRICIDADE	SICOMOTRICIDADE	SICOMOTRICIDADE	SICOMOTRICIDADE	SICOMOTRICIDADE
TITORÍAS	TITORÍAS	TITORÍAS	TITORÍAS	TITORÍAS
RECREO	RECREO	RECREO	RECREO	RECREO
HORA DO CONTO	HORA DO CONTO	HORA DO CONTO	HORA DO CONTO	HORA DO CONTO
AMBIENTES EDUCATIVOS	AMBIENTES EDUCATIVOS	AMBIENTES EDUCATIVOS	AMBIENTES EDUCATIVOS	AMBIENTES EDUCATIVOS

*horario xeral con adaptacións concretas suxeitas a necesidades e medios anuais.

No tramo educativo da Educación Infantil dende o CEIP P. De Meaño-As Covas propoñemos un deseño metodolóxico onde prime e se respecte a fase de desenvolvemento evolutivo na que se atopan os nenos e nenas a estas idades. Deste xeito terá un valor e presenza importante nos seus horarios a psicomotricidade, o desenvolvemento das destrezas e habilidades corporais, rítmicas, motóricas, reflexos primitivos, sensoriais, etc.

Propoñemos a distribución de aulas en ambientes educativos significativos que atendan a aspectos de múltiples experiencias, que sexan escenarios de aprendizaxe, culturais, comunitarios, que brinden a oportunidade de establecer desafíos, retos, novos coñecementos... en definitiva, que estimulen e onde cada neno e nena constrúa a súa propia aprendizaxe. Promoverase a actuación do neno/a nos ambientes polos que circule, ponderando a autonomía sobre os seus procesos de aprendizaxe.

Preténdese realizar esta implantación nos dous cursos educativos posteriores ao de aprobación do presente documento.

A configuración e dotación dos ambientes de aprendizaxe ocupará un lugar fundamental na atención integral da primeira infancia na nosa escola: a forma dos espazos, a súa funcionalidade, as percepcións sensoriais e as relacións que se tecen. Os ambientes permitirán descubrir, explorar e interpretar a realidade a través dos sentidos. Estes ambientes poderán modificarse no seu deseño, temática ou contido atendendo á evolución e avaliación que sobre eles realicen o claustro e Departamento de Orientación.

AMBIENTE DAS MATES

SUPERMERCADO: con cartos, produtos, caixa rexistradora, listas de compra, balanza, calculadora, etc.

CONSTRUCCIÓNS: tangram, bloques lóxicos, regretas, xeoplanos, xogos de simetrías, mesa de luz, figuras xeométricas, espellos, puzles, xogos espaciais e de lóxica, bee-bot, gráficos, puzles...

NÚMEROS: dados, cartas, rectas numéricas, máquinas de sumar, regretas, números, materiais para contar. **Zona de asamblea** para xogos grupais matemáticos e posta en común de

EDUCACIÓN
INFANTIL

AMBIENTES
EDUCATIVOS

AMBIENTE DAS PALABRAS

FALADOIRO: zona de asamblea habilitada para falar e escoitar, filosofía para nenos, clubs de lectura, teatro de guiñol, dramatizacións, etc.

BIBLIOTECA DE AULA: boa selección de libros e contos para Infantil, libros en maiúsculas, libros feitos polos nen@s, Lugar acondicionado para a lectura.

TALLER DE ESCRITA: Lugar acondicionado para a escritura dos primeiros textos. Letras de madeira, letras magnéticas, recursos visuais e manipulativos (Montessori).

GRAFOMOTRICIDADE: pantalla dixital para xogos de grafomotricidade, bandexas de área e de sal, plastilina, pequenas pizarras...

EDUCACIÓN
INFANTIL

AMBIENTES
EDUCATIVOS

AMBIENTE DA NATUREZA E AS ARTES

FACER ARTE: zona con todo tipo de recursos de pintura, debuxo, arcilla, collages, plastilina, caballetes, cámaras de fotos, ordenadores...

INTERPRETAR ARTE: zona de exposición de pinturas e obras famosas, feitas polos nenos, exposicións temporais, fotografías. **Espazo de asamblea** para o debate e interpretación das obras de arte.

EXPERIMENTOS: lugar vivencial da ciencia. Microscopios, telescopios, espellos, plantas, regadeiras, sementeiros, animais vivos (gusanos de seda...), pedras, terrarios, etc.

INVESTIGACIÓN: libros de consulta sobre ciencia, lugar para o traballo cooperativo, a investigación por proxectos de ciencia, ordenadores, mapas, corcheira para plasmar os proxectos, pantalla para ver documentais...

EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTEXTOS DE APRENDIZAXE

CONTEXTO MATEMÁTICO

Aula dotada con materiais específicos da competencia lóxico-matemática e plantexada dende unha dinámica de proxectos e/ou retos.

NÚMEROS E CÁLCULO MENTAL: zona de asamblea dotada de regretas, dados, tarxetas con números, cartas, calculadoras, materiais base 10, palillos ABN, bloques, táboas de números, rectas numéricas, pantalla dixital, ordenadores...

XEOMETRÍA: xeoplanos, regretas, bloques, corpos xeométricos, decímetros cúbicos, tangram, simetrías, espellos...

PENSAMENTO MATEMÁTICO: lugar destinado á resolución de retos e problemas matemáticos, regretas, pequena biblioteca de libros de enigmas e problemas, gráficos e estatísticas, xogos de lóxica...

MEDIDA: botellas de diferentes tamaños, vasos de medida, balanza, báscula dixital, metros, reloxo, regretas, obxectos para medir...

EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTEXTOS DE APRENDIZAXE

CONTEXTO LINGÜÍSTICO

Aula de referencia para desenvolver de xeito específico a competencia lingüística, elaborar e obter produtos finais con funcionalidade específica:

- Radio escolar.
- Produtos audiovisuais.
- Revista "O xornal de Coviña".
- Exposición orais en diversos formatos.

EXPRESIÓN ORAL: zona de asamblea habilitada para falar e escoitar, exposicións orais e valoración das mesmas, teatro...

COMPRESIÓN LECTORA: selección de libros de diferentes tipoloxías textuais, libros feitos polos nen@s, xornais, recursos de comprensión lectora...

TALLER DE ESCRITA: Lugar acondicionado para a análise e produción de textos. Pantalla dixital con proxector de opacos, xogos de escrita creativa, bibliografía específica para o mestre/a, modelos de borradores, organizadores gráficos. A gramática e a ortografía serían aspectos traballados dende as producións propias e mediante actividades específicas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTEXTO CIENTÍFICO

Aula destinada ao traballo e desenvolvemento da competencia científica e tecnolóxica, a súa dinámica de traballo alternará entre os retos, acertixos e proxectos de investigación.

EXPERIMENTOS CIENTÍFICOS: lugar vivencial da ciencia.

Microscopios e lupas de aumento, telescopios, espellos, plantas, regadeiras, sementeiros, animais vivos (gusanos de seda...), pedras, terrarios, lentes, cristais...

INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA: libros de consulta sobre ciencia, lugar para o traballo cooperativo, a investigación por proxectos, ordenadores, corcheira para plasmar os proxectos e mapas mentais, pantalla para ver documentais, enigmas científicos, espazo para o debate e exposicións orais dos proxectos realizados.

ESPAZOS PARA O DEBATE E EXPOSICIÓNS ORAIS dos proxectos realizados.

OBSERVACIÓN E ANÁLISE: Terrario, estación metereolóxica, incubadora de ovos, circuítos eléctricos, materiais de refugallo, planetarios e sistemas solares a escala

EDUCACIÓN PRIMARIA

EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTEXTO HUMANISTA

Aula destinada ao traballo e desenvolvemento das competencias sociais, cívicas, así como das expresións culturais. Neste contexto pretendemos introducir paulatinamente de xeito máis específico a **participación das familias**, dende distintos enfoques pero sempre coa intención de facer máis significativa a aprendizaxe e implicar a toda a comunidade educativa no proceso educativo.

ANÁLISE E INTERPRETACIÓN: mapas, cartas náuticas, callejeros, planos de cidades, metros, corcheiras amplas para a exposición dos proxectos, mapas mentais, conceptuais, ordenadores para a búsqueda e selección de información.

HISTORIA E CULTURAS: zona de **asamblea** para o debate e exposición de temas relacionados co contexto, liñas do tempo, bibliografía, documentación, recursos visuais e ordenadores para o acceso e selección de información.

FAMILIAS EXPERTAS: Espazo para o coñecemento e investigación a través do testimonio e actividades profesionais/culturais de pais, nais, avós, avoas...

*O deseño, contido e enfoque metodolóxico dos contextos de aprendizaxe poderá modificarse atendendo á evolución a avaliación que sobre eles realicen o claustro e Departamento de Orientación.

3.1.5. AUSENCIA DE LIBROS DE TEXTO.

Dentro do compromiso que o claustro de mestres e mestras asumimos cara un ensino interdisciplinar e multidisciplinar, avanzamos un paso máis e decidimos plantexar aulas onde o libro de texto (impreso ou dixital) non condicione a dinámica da mesmas, por iso non existen libros de texto en ningún curso da Educación Infantil e Primaria.



O libro de texto contribúe ao fracaso académico de moitos alumnos/as debido ás dinámicas que xenera (memorizar datos e contidos non significativos). É un recurso que non se adapta aos distintos niveis do alumnado, é o alumnado o que ten que adaptarse ao nivel do libro. O libro de texto realiza o traballo que deberan realizar os nenos e nenas, é dicir, buscar a información, seleccionala e procesala, priva ao alumnado do pracer de buscar, investigar, experimentar...

O libro de texto propicia unha ensinanza baseada en gran parte na memorización e o individualismo fronte á aprendizaxe cooperativa, que como xa se relatou resulta unha estratexia clave do contexto de traballo do noso alumnado. Ademais, uniformiza a aprendizaxe e non é precisamente un recurso motivador para o alumnado. Cabe destacar tamén que non fomentan a iniciativa do profesorado.

A gran pregunta que se fan os nenos, “*PARA QUE?*” nunca obtén resposta nunha dinámica de clase con libros de texto.

No CEIP P. D Meaño-As Covas, como escola transformadora, non cremos no libro de texto como método idóneo para o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Si cremos na necesidade e no feito educativo con libros e con textos, calquera libro e calquera texto. Estes poden converterse en fonte de información, é dicir, material escrito que permita a lectura compartida, a interpretación, a conversación, o debate, o intercambio de ideas, a toma de decisións, a investigación, etc.

3.1.6. APRENDIZAXE COOPERATIVA.

Dado o deseño metodolóxico que caracteriza ao noso centro, obvia dicir que a aprendizaxe cooperativa eríxese como unha necesidade estrutural e necesaria para a organización e canalización do día a día nas aulas. A aprendizaxe cooperativa preséntase como unha ferramenta necesaria na vida escolar e tamén na vida en sociedade. Favorece a convivencia aceptando as diferenzas, é integradora e sobre todo aporta unha aprendizaxe de calidade. Dende a perspectiva das escolas

inclusivas cremos que nas estruturas cooperativas atopamos a esencia do ben común. *“Se eu aprendo, ti aprendes e todos aprendemos”*, traballamos xuntos para alcanzar obxectivos comúns.

3.1.7. PROXECTOS AO SERVIZO DA COMUNIDADE.

Como investigacións cooperativas orientadas ao ben común. Estes proxectos permiten coñecer e recoñecer a capacidade transformadora dos nenos e nenas na sociedade na que viven. Requiren a aplicación de distintos e variados procedementos: recompilar información, contrastala, organizala, observar, experimentar, deducir, comunicar, analizar variables, imaxinar accións, tomar decisións... O importante neste tipo de proxectos non será o que reciban os nenos senón o que dean, que sexan capaces de buscar solucións aos problemas de outros e que asuman compromisos e responsabilidades.

3.1.8. OAOA/ABN. RENOVACIÓN DAS METODOLOXÍAS MATEMÁTICAS DO CENTRO.

Apostamos por unha metodoloxía de cálculo matemático que se desenvolve de forma práctica e visual, con ferramentas manipulativas. Trátase de dotar ao alumnado de razoamentos e estratexias de cálculo flexibles e aplicables para innumerables situacións da vida cotiá. Foméntase deste xeito e dunha maneira exponencial o cálculo mental, desenvolvendo a lóxica matemática e a comprensión dos procesos

matemáticos cos que se atopa no día a día. Os nenos e nenas son creadores da súa propia aprendizaxe matemática. Observamos que se achega un plantexamento fundamentalmente práctico, manipulativo, lúdico e baseado no valor posicional dos números e non nas cifras. Todos os cálculos se realizan partindo de problemas ou supostos da vida real.

Esta metodoloxía atópase, no curso de aprobación do presente documento, implantada en todos os cursos da etapa de Educación Infantil e 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria. A partir do curso 2019/20 toda a Educación Infantil e Primaria terá como base de acción a citada metodoloxía.

Cambio no algoritmo matemático, esa é unha das premisas fundamentais, ademais dunha nova mirada sobre a xeometría, a numeración, a estimación e aproximación... todo elo sempre dunha maneira funcional e construtiva. Os novos algoritmos matemáticos son unha consecuencia lóxica, natural e significativa de enfocar o cálculo matemático.

3.1.9. A BIBLIOTECA ESCOLAR: MOTOR DE APRENDIZAXE NO CENTRO.

“As bibliotecas escolares que se precisan na actualidade son centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: contornas educativas específicas integrados na vida da institución escolar. Apoian o profesorado no exercicio das súas prácticas de ensino e facilítanlle ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa”. O Marco de referencia sobre as bibliotecas escolares (2011), Ministerio de Educación.

O profesorado actual do CEIP P. de Meaño-As Covas entende que a biblioteca escolar do centro é o eixo central perfecto para xerar aprendizaxes, un servidor central en materia de información e lectura, imprescindible para o desenvolvemento dos contidos curriculares e para traballar de forma colaborativa. A biblioteca da nosa escola é e quere ser moito máis que un servizo de préstamos de libros, pretende ser un espazo que contribúa a desenvolver hábitos e intereses pola aprendizaxe ao longo da vida do noso alumnado.

A biblioteca como espazo de encontro, de intercambio, de formación, de colaboración... cedendo a súa, ás veces, obsesión polo silencio en favor dun colexio vivo onde cada neno e nenas poida desenvolver a súa creatividade, acceder aos recursos culturais e de aprendizaxe, producir obxectos culturais en distintos soportes e formatos e compartir experiencias a partir das súas lecturas, as súas vivencias, os seus coñecementos, as súas investigacións e creacións.

Tal e como propugnan dende *Bibliotecas Escolares de Galicia* propoñémonos crear un “laboratorio creativo de aprendizaxes”, unha factoría da palabra e o pensamento. Con tal motivo, no curso de aprobación do presente documento elaborárase unha reforma estrutural profunda na biblioteca da escola que contribuirá a materializar o exposto nestas liñas.

3.1.10. PDI DE CENTRO. Un dos elementos vertebradores da actividade de centro é o Proxecto Documental Integrado que se desenvolve cada ano dende a biblioteca do centro. Segue sorprendéndonos a impaciencia de alumnado e familias á hora de querer coñecer o novo tema a desenvolver dende o PDI. Curso a curso conséguese un maior uso e consulta dos fondos documentais e libros de consulta da biblioteca do centro así como unha significatividade importante na aproximación ao tema proposto.

“Construímos con Coviña” (en alusión á mascota da biblioteca) será o novo proxecto de biblioteca para o 2017/18. Un achegamento ao mundo da construción, na concepción máis ampla da palabra: Construímos maquetas, construímos soños, construímos casas e pontes, armamos velas, tiramos muros...

O PDI do colexio remata sempre cun resultado final no que se convoca a toda comunidade escolar e onde se pretende que o alumnado xestione, organice e asuma función na organización do día. No curso pasado o colexio recibiu a visita de 180 persoas para coñecer os proxectos e exposicións elaborados polas distintas clases.

3.1.11. TAREFAS PENDENTES E ESTUDO.

O Decreto 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o Currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición adicional terceira, referida a TAREFAS EXTRAESCOLARES establécese que os centros educativos segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, establecerán dentro da súa programación xeral anual as pautas e/ou criterios para o emprego das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria sempre de xeito que entronque co axeitado desenvolvemento das competencias clave do alumnado

atendendo ós seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe ó longo da etapa educativa.

A maiores sinala que, de ser marcadas, deberase ter en conta un axeitado encaixe na vida das familias facilitando a participación activa das mesmas así como a axeitada conciliación persoal e familiar e respectando os tempos de ocio do alumnado. Potenciarase a liña de creación de responsabilidade do alumnado así como da súa formación e autonomía no traballo fomentando.

En base a esta premisa que establece por parte dos centros educativos diversas posibilidades de actuación e toma de decisións, no CEIP Plurilingüe de Meaño-As, en consenso co equipo docente establécese que:

Non todo o alumnado da nosa escola conta cun soporte familiar/horario e/ou económico que lle permita afrontar as tarefas da casa con seguridade e éxito. En moitas ocasións as tarefas coloquialmente denominadas “deberes” inciden e amplían a brecha da desigualdade, da desmotivación e desgraciadamente tamén da frustración. Noutras ocasións a intervención das familias ou academias de estudio alteran os resultados por un exceso de intervención. Por este motivo no CEIP Plurilingüe de Meaño- As Covas as tarefas derivadas para as casas non formarán parte nin da nota nin do proceso de avaliación continua dos nosos nenos e nenas. Exceptúanse desta norma a axuda na preparación por parte de encargados/as en asembleas da mañá, exposicións orais, lecturas entoadas, gravacións de lecturas e a preparación de programas de radio ou televisión.

Dito plantexamento non está reñido coa necesidade de incentivar no alumnado hábitos relacionados coa responsabilidade, o estudo, a organización do tempo, etc. Para elo o profesorado poderá propoñer actividades a realizar fóra do horario escolar

relacionadas coa busca de información, entrevistas, actividades coa familias, observacións, asentamento de novas habilidades adquiridas na escola...

Durante os períodos de fin de semana, pontes e vacacións programadas no calendario escolar non se enviarán tarefas para as casas, exceptuando recomendacións lectoras e propostas da biblioteca escolar.

Considerando que o alumnado traballa intensamente durante as mañás na escola e tendo presente os beneficios do xogo e da necesidade de ter tempo en familia. As posibles tarefas pendentes ou a realizar deben cingirse a criterios de proporcionalidade das idades e etapas de desenvolvemento do alumnado.

3.2. ÁMBITO PEDAGÓGICO DO CENTRO.

“Curiosidade, seguridade e admiración.” (Mar Romera).

Fronte á herdanza que nos deixa décadas e décadas de *escola tradicional* con metodoloxías memorísticas e leccións ríxidas ou actitudes individualistas e competitivas; apostamos por poñer en valor a aprendizaxe vivencial/significativa, a creatividade, dar un verdadeiro impulso á educación emocional, a integración da educación formal e informal, flexibilizar o currículo; en definitiva unha aposta real por un cambio no paradigma educativo, esta é a esencia do presente documento.

3.2.1. ESPAZOS E TEMPOS.

O centro conta cunha organización de espazos e tempo adaptada á liña metodolóxica e de acción asumida.

Educación Infantil: Atópase actualmente nunha fase de deseño de ambientes de aprendizaxe onde prime o respecto aos ritmos de desenvolvemento e as etapas de desenvolvemento individuais e de etapa. Manipulativos, de observación, de experimentación, colaborativos, de expresión, de sensacións e emocións...

Resultará crucial un correcto deseño e dotación de cada un dos ambientes para o seu maior aproveitamento.

Aula de psicomotricidade. Espazo habilitado para o alumnado de Educación Infantil e plantexado para o desenvolvemento psicomotor.

Educación Primaria: O alumnado disporá, ademais da súa propia aula de referencia, de varios espazos habilitados para desenvolver os proxectos, retos ou tarefas propostas: Aula Balbino, aula de psicomotricidade, biblioteca do centro, emisora de radio, cociña, etc. Non obstante calquera outro espazo pode ser válido e non estraño atopar no centro a alumnado desenvolvendo actividades en corredores ou espazos exteriores do centro.

Tempos para a expresión oral.

Incídese no centro de maneira especial na importancia de capacitar e dotar aos nosos nenos e nenas de estratexias que lles permitan avanzar de xeito notable en todos os aspectos relacionados coa oralidade, expresión, intervencións en público, debates, etc. Por iso prográmanse dende as titorías actividades con presenza diaria destinadas a traballar este apartado fundamental da competencia lingüística da lingua galega, castelá e inglesa.

Tempos para o traballo dirixido. Propóranse retos, tarefas, paletas de intelixencias múltiples, actividades (ben individuais ou colectivas) dende unha perspectiva dirixida cara un obxectivo ou solución. O mestre/a é quen propón e dirixe este formato de traballo.

Tempos para o traballo non dirixido. Partirase esencialmente do traballo por proxectos e dos centro de interese do alumnado. Poñer en valor as súas motivacións e curiosidades hacia a aprendizaxe e o coñecemento do mundo que os rodea.

A alternancia entre o estratexias de traballo dirixido e non dirixido (sempre mediado e co mestre/a como facilitador) complementan e aportan aos nenos e nenas enfoques distintos e variados nos que todas e todos se atopan cómodos traballando, así como unha forma de ampliar dinámicas varias de traballo.

Tempo para o xogo.

O centro conta cunha zonas exteriores privilexiadas onde priman os espazos naturais con abundancia de árbores, plantas e espazos verdes que invitan e propician o contacto coa natureza. Dende hai dous anos iniciouse un plan para diversificar o tempo de xogo e evitar así que o fútbol monopolizara e condicionara o tempo de lecer de gran parte do alumnado. Na actualidade unicamente se pode xogar a este deporte un día da semana, o resto de días lectivos o campo central utilízase para outros deportes: baloncesto, balonmán, etc. Esta medida propiciou o achegamento de nenos e nenas a deportes que ata aquel momento non se practicaban na nosa escola. Existe tamén unha colección de xogos populares de diversas modalidades (lanzamento, equilibrio, coordinación, estratexia...), a intención é xerar novas novas dinámicas de xogo, diversas e integradoras. Diversificar o xogo e integrar a todo o alumnado nel. No presente curso comeza a primeira fase de reinvencción do patio escolar (espazo verde contiguo, para elo contaremos coa asesoría de especialistas cataláns expertos na materia. No momento de redacción deste Proxecto Educativo os nenos e nenas da escola tiñan xa debatido en asembleas de aula e aprobado en Consello Escolar Infantil cales son as súas propostas de xogo e ocio para o novo patio da escola.

3.2.2. ALUMNADO.

"Dime e esquezo, ensíname e lembro, involúcrame e aprendo."

(Benjamin Franklin)

O feito de partir do concepto de escola activa e das implicacións que ten na aprendizaxe do alumnado non debe interpretarse como unha perda na autonomía e capacidade dos nenos e nenas. Queremos matizar este aspecto porque resultan bastante frecuentes este tipo de prexuízos entre persoas partidarias de non alterar os postulados educativos da escola tradicional. Cremos nun alumnado participativo, reflexivo, que propoña, que faga preguntas, con maiores doses de liberdade e maiores doses de responsabilidade, un alumnado construtor dos seus saberes, coñecedor das súa fortalezas, creativo, con capacidade para empatizar, que respecte e valore a diferenza.

3.2.2.1 CONSELLO ESCOLAR INFANTIL.

Artigo 12 da Convención dos Dereitos do neno e da nena:

"Todo neno/a ten dereito a expresar a súa opinión".

Finalidade do Consello Escolar Infantil:

- Que os nenos e nenas participen activamente da vida do centro, involucrando a infancia na toma de decisións que lle afectan como persoas que pertencen a unha comunidade.
- Crear espazos e tempos onde se teñan en conta as opinións e ideas dos nenos/as, onde tomen consciencia da participación como un dereito da cidadanía.

- Dotar á vida da escola dunha mirada da infancia respectada.
- Transformar a escola tamén á altura da mirada dos nenos e nenas.
- Afianzar o sentimento de comunidade educativa.
- Elaborar informes, a iniciativa propia ou a petición externa, para mellorar a convivencia ou a actividade académica no Colexio.

Estrutura do Consello:

Coordinador: O director do colexio.

Representantes: Un neno e unha nena de cada grupo de Ed. Primaria e de cada grupo de Ed. Infantil.

Invitados/as:

- Os/as representantes tamén poden pedirlle a un compañeiro/a (invitados) que os acompañe para tratar un tema determinado.
- Os nenos e nenas que soliciten asistir a un Consello determinado, deberán preparar un escrito explicando o motivo concreto polo que solicitan asistir.
- Profesorado e persoal non docente que veñan a tratar un determinado tema.
- Persoas externas que poidan aportar información ou un punto de vista interesante aos membros do Consello.

A presidencia e a secretaría serán rotatorias e guiadas pola comunidade dos/as maiores, concretamente polos nenos e nenas 6º de Primaria: Nunha reunión a

presidencia será ocupada por unha nena e a secretaria por un neno; na seguinte reunión trimestral realizarase ao revés.

A presidencia presidirá as reunións, dará as quendas de palabra, velará para que haxa un clima de diálogo tranquilo...

A secretaría anotará a asistencia e levantará acta.

3.2.3. PROFESORADO.

“Desaprenderse da maior parte das cousas que nos ensinaron é máis importante que aprender.” (Eduardo Punset).

“Educar coas tres Cs: capacidades, competencias e corazón” (Mar Romera).

Tendo en conta a estrutura metodolóxica que caracteriza ao CEIP P. De Meaño-As Covas, o profesorado que forma/que forme parte do claustro debe ter en conta varios aspectos para conseguir a correcta marcha e evolución do plan educativo do centro. Existe un documento (“Funcionamento xeral de centro”) que axudará ao novo profesorado a ter unha primeira noción sobre o estilo de centro no que se atopa e a incorporarse á dinámica coa maior rapidez posible.

- *Coordinación.* Nun centro no que a aprendizaxe cooperativa forma parte da estrutura metodolóxica do alumnado precisa dun profesorado capaz de traballar en equipo e que entenda esta actitude como unha ferramenta valiosa con grandes beneficios no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- *Asignación dun mestre/a (mestre/a acompañante)* ao novo profesorado para que informe, explique e facilite a liña metodolóxica do centro e conseguir deste xeito unha integración áxil e eficaz.
- *Mente aberta.* Insistimos nunha idea exposta ao principio deste documento: a calidade de educación dun neno ou nena nunha escola non pode depender dun factor tan arbitrario como a sorte na asignación de mestre/a. Deben existir mecanismos de coordinación e unificación de criterios pedagóxicos que garantan a calidade educativa que propugnamos no presente PE para todas

as etapas e niveis educativos que se imparten. Isto conleva por parte do profesorado unha ampla de capacidade de adaptación, flexibilidade e renovación.

- *Adicación, formación e renovación permanente.* A profesión de mestre/a é unha das máis belas que existen, cunha alta dose de responsabilidade e que implica a necesidade dunha formación permanente e constante para aprender e incorporar novas habilidades e metodoloxías de traballo que respondan ás necesidades do alumnado. Nos últimos anos de traxectoria do centro a formación permanente deseñada conxuntamente polo Departamento de Orientación e Equipo Directivo resultou decisiva para dotar aos integrantes do claustro de ferramentas estratéxicas e específicas de intervención metodolóxica e didáctica. Consideramos esta canle de actuación como prioritaria para o futuro máis próximo da nosa escola. Así se lle transmitirá ao novo profesorado adscrito ao CEIP P. de Meaño-As Covas e invitarase ao mesmo a participar e implicarse neste proceso de formación permanente.
- *Actitude positiva.* O profesorado, ao igual que as familias, somos referentes e espellos nos que se miran os nenos e nenas. A nosa actitude é de vital importancia de cara a transmitir como reaccionar ante as distintas vicisitudes ás que nos enfrontamos cada día.
- *Altas expectativas.* Entendendo esta actitude como a capacidade para motivar ao alumnado de cara a obter un maior rendemento e grao de implicación nas dinámicas de traballo.

Autoridade por dignidade, non por imposición. Queremos romper coa imaxe do mestre/a como figura autoritaria, sancionadora, mesmo represora... Tantas décadas

de cultura educativa tradicional dificultan ás familias, aos nenos/as e mesmo a algúns mestres e mestras a entender a autoridade educativa doutro xeito que non sexa a impositiva. Fronte a esta actitude propoñemos a figura da autoridade por dignidade: O mestre/a como acompañante, como facilitador/a de procesos de aprendizaxe.

3.2.4. FAMILIAS.

Propíciase a colaboración e implicación das familias nun amplo número de iniciativas que van máis alá das estritamente referidas a colaboracións en festas do ciclo anula ou celebracións concretas. O feito educativo debe implicar a toda a Comunidade Educativa, dun xeito exponencialmente significativo ás familias. Trátase ao mesmo tempo de crear espazos de participación que revertan na escola, nos nenos e as nenas. Por iso dende o centro establécense marcos de actuación e colaboración como os que se describen a continuación:

3.2.4.1. COMISIÓNS DE TRABALLO FAMILIAS: PATIOS DINÁMICOS E BIBLIOTECA ESCOLAR.

“Abrir a escola ás familias como elemento de aprendizaxe do alumnado e mellora da convivencia escolar”.

Comisión de renovación do patio escolar: Unha comisión de traballo formada por mestres, mestras, pais, nais e alumnado do centro elabora un documento onde se recollen as necesidades, demandas e posibilidades que ofrecen as abundantes zonas verdes que conforman o recinto escolar da nosa escola. Profesionais con experiencia e bagaxe no deseño de patios e espazos públicos asesoran á comisión e aportan o seu punto de vista sobre as posibles actuacións.

Comisión de bibliotecas: En coordinación co equipo de mestres e mestras da biblioteca do centro, as familias que se presentan voluntarias a esta comisión participan na xestión e organización de actividades. A biblioteca como centro activo, aberto a toda a comunidade educativa e ofrecendo ao alumnado unha imaxe de traballo e coordinación conxunta á que eles se poden sumar e participar. O pracer da lectura compartido na escola tamén coas familias, eis aí o valor engadido da proposta desta comisión de traballo.

Estas son as liñas colaborativas propostas para o curso actual de aprobación deste documento. Contéplase a posibilidade de cara ao futuro de implementar a outras, atendendo e dependendo das iniciativas que xurdan

3.2.4.2. ESCOLA DE FAMILIAS.

O último venres de cada mes, un grupo estable de familias que ronda as 25/30 xúntase na *Aula Balbino* do colexio para tratar e abordar temáticas relacionadas co ensino e coidados dos nen@s. A actividade está coordinada polo centro educativo xunto coa ANPA “A Toxa”. Cóntase tamén coa participación da *Asociación Avante* para guiar e propoñer as situacións de debate de cada xuntanza. En funcionamento dende o curso pasado atópase plenamente consolidada. Valoramos, ademais do feito en si participativo das familias, o efecto multiplicador e xerador de corrente de opinión que ten entre o resto da comunidade educativa. Está prevista tamén complementar esta dinámica coa participación de profesionais relacionados co mundo da infancia, saúde, pedagogía. Pediatras, optometristas, expertos do mundo da educación, etc

4. AVALIACIÓN.

“É o mesmo aprobar que aprender?”.

(Salvador Rodríguez)

O proceso de ensinanza-aprendizaxe require ser avaliado para comprobar que se camiña cara o obxectivo, co ritmo e dirección correcta. A avaliación non debe cingirse exclusivamente a aprobar ou suspender, non se avalía só ao alumno/a senón tamén o proceso educativo e o labor docente. Nun contexto de escola inclusiva é necesario enfocar a avaliación dende o traballo por competencias básicas e habilidades do currículo, ambas engloban gran parte dos procesos de ensinanza-aprendizaxe e á súa vez tamén a avaliación.

A avaliación, tal como establece a LOMCE abrangue ao alumnado pero tamén ao profesorado aos centros, á práctica docente e á marcha do propio sistema educativo.

Faremos reseña en canto á avaliación de dous ámbitos:

- a) A avaliación do alumnado e todos os aspectos que lle competen.
- b) A avaliación da práctica docente para a mellora neste ámbito en canto á metodoloxía, recursos, posta en práctica de accións, organización etc.

Por outra banda, tentaremos dar resposta a tres grandes preguntas neste epígrafe:


Que avaliar, Cando avaliar e Como avaliar.

A continuación preséntase un esquema diferenciador entre a avaliación TRADICIONAL, e a avaliación CONSTRUCTIVISTA pola que nós tomamos parte, en base á lexislación vixente.



AVALIACION CONSTRUCTIVISTA:

- Permite ó alumnado autoavaliarse.
- Determina estilos de aprendizaxe diferenciados.
- Apoia a construción de capacidades e habilidades específicas.
- Posue RETROALIMENTACIÓN valiosa para o alumn@.
- El alumnado monitoriza a súa propia evolución e é formativa



AVALIACIÓN TRADICIONAL:

- Centran a avaliación en cantidade de coñecementos e obxectivos logrados, a través de respostas correctas e instrumentos estruturados.
- Mide a cantidade de información "acumulada" polo alumn@.
- Mide en gran parte a memorización do alumnado obviando outros procesos presentes na aprendizaxe e nas competencias clave.

Tomando por tanto, como referencia os documentos lexislativos vixentes en materia de avaliación, centrarémonos no aspecto recollido na ECD 65/2015 de 21 de xaneiro pola que se describen as relacións entre as competencias clave, os contidos e os criterios de avaliación. Nesta establécese que a avaliación terá en conta o grado de desenvolvemento e dominio das competencias clave por parte do alumnado.

A avaliación considérase integrada no proceso de ensino aprendizaxe e na actividade ordinaria de aula e do centro docente, converténdose nun referente para valorar o progreso do alumnado así como a mellora continua do proceso educativo e punto de referencia para a adopción de medidas de atención á diversidade.

Esta premisa dá resposta ás cuestións de QUE E CANDO AVALIAR, dado que esta será inicial, no arranque do proceso, continua e final, ao que engadimos o seu carácter formativo, é dicir, que permite ir reflexionando sobre a mesma e ir adoptando medidas de compensación, novas ferramentas e/ou estratexias segundo se vaian requirindo.

Así mesmo, esta mesma orde que guía necesariamente a nosa práctica docente así como a metodoloxía establecida na escola, para abordar o desenvolvemento das competencias clave, concretamente no seu artigo 7 establece con respecto á avaliación da competencias clave os seguintes aspectos:


- O profesorado debe empregar procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino-aprendizaxe. Estas ferramentas variadas serán parte fundamental do proceso para mellorar a calidade da educación.
- Será preciso integrar ferramentas e estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, tales como a coavaliación, a avaliación entre iguais e a autoavaliación. O alumnado debe ser partícipe neste paso e ser informado ao respecto xa que procurarán a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas sobre o traballo colaborativo e formando parte da acción do profesorado na regulación do proceso ensino-aprendizaxe.
- Para valorar o axeitado desenvolvemento das competencias clave e do nivel de desempeño do alumnado o profesorado debe empregar procedementos de avaliación variados que permitan a mobilización dos coñecementos, habilidades e actitudes e valores en relación coa resolución de problemas en contextos reais.

No centro educativo no que nos atopamos partimos da seguinte premisa para establecer a avaliación do alumnado xa que supón unha reflexión en equipo sobre a nosa práctica docente que redundará nos resultados do alumnado:



Por todo o exposto, con respecto á avaliación faise necesario o emprego de variados PROCEDEMENTOS, ESTRATEXIAS E FERRAMENTAS de avaliación.

Definimos os termos citados no esquema seguinte:



En todo caso, os distintos procedementos de avaliación empregables serán: a observación sistemática do alumnado, as evidencias de logro a nivel oral e escrito, o portfolio, os protocolos de rexistro, os traballos de clase, etc, permitirán a integración de todas as competencias en un marco de avaliación coherente. As ferramentas de avaliación estarán establecidas en torno a rúbricas de traballos concretos de aula e variadas producións que permitan valorar os distintos niveis de desempeño do alumnado, gravacións en vídeo de diversos procesos, pequenas probas escritas e orais, exposicións, maquetas, escalas de observación, cadernos de equipo etc...

Un exemplo de instrumentos de avaliación poderían ser os seguintes recollidos nestes gráficos e que serán concretados nas programacións didácticas extraídos dos perfís de área e competencia das distintas áreas acordados polos mestres/as do centro.



Procedementos e instrumentos de avaliación:


- Análise das producións dos alumnos e alumnas: Carderno de campo ou de clase, investigacións, portfolio, producións motrices, musicais, orais, plásticas, textos escritos, traballos de aplicación e síntese, organizadores gráficos, xogos de simulación e dramáticos, gravacións de voz e/ou imaxe, etc.
- Intercambios orais co alumnado: asamblea, entrevista e posta en común.
- Observación sistemática: Diario de clase, escala de observación, lista de cotexo, rúbrica, etc.
- Observador externo: observador externo.
- Probas específicas: exposición dun tema, proba aberta, proba de capacidade motriz, proba de interpretación de datos, proba obxectiva, etc.

Todos estas ferramentas establecerán os CRITERIOS PARA ESTABLECER A CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO, que NUNCA poderá ser en base a unha única ferramenta, establecendo no perfil de área, competencia e programacións didácticas o peso concreto de cada ferramenta.

Queremos que conste tamén de xeito explícito que de ningunha maneira o comportamento do alumnado formará parte do proceso de avaliación nin da súa cualificación. A avaliación debe ser sumativa, nunca punitiva. O comportamento como tal non é avaliabile e o profesorado ten a obriga de dotarse de ferramentas e estratexias metodolóxicas que lle permitan xestionar a clase con éxito e garantías.

Con todo o anteriormente dito descartamos a idea e o feito de asociar e limitar a avaliación do alumnado á realización dun “exame”.

A modo de exemplo, sinalamos o seguinte gráfico:



Avogamos por tanto, por unha avaliación ampla, que teña en conta os ritmos individuais dos nenos e nenas e baseada en distintos instrumentos avaliativos (rexistros, observación directa, rúbricas, cadernos de observación, portfolios, escalas de valoración...) variados tal e como establece a lexislación vixente. Existen tamén espazos para a autoavaliación así como para a avaliación grupal das tarefas ou proxectos desenvolvidos. Capacitar aos nenos e nenas dunha visión crítica e reflexiva sobre o seu propio traballo supón un exercicio de mirada interna importante así como de recoñecemento do grao de responsabilidade que se acada. O profesorado con respecto a estes aspectos:

- Dotará ao alumnado de ferramentas para a autoavaliación e/ou coavaliación.
- Dará a coñecer ó alumnado as ferramentas co que será avaliado así como os niveis de desempeño axeitados para superar as áreas, traballos, etc.

O profesorado implicado na organización e avaliación dos contextos de aprendizaxe de Educación Primaria manterá reunións periódicas para informar e valorar cos titores e titoras a evolución do alumnado. Nos finais de trimestre realizaranse sesións de avaliación onde se porá en común e se debatirá a evolución de cada alumno/a analizando os resultados...exporanse os resultados das rúbricas sobre competencias clave (aprender...) de aprender a aprender, traballo en grupo; estándares concretos avaliados e as listas de OBSERVACIÓN, OU DE cotexo realizadas.

O profesorado implicado nos ambientes educativos de Educación Infantil manterá igualmente reunións periódicas onde analizar o desenvolvemento dos espazos e valorar a recondución ou adaptación dalgúns deles para o seu maior aproveitamento didáctico.

4.1. CRITERIOS XERAIS SOBRE A AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

O Real decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria, dispón, no seu artigo 12, determinados aspectos relacionados coa avaliación, dos cales destaca que serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliados os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final.

A orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no capítulo II do título II, regula aspectos relacionados coa avaliación, coa promoción e cos documentos oficiais de avaliación.

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, dispón que na avaliación deberá terse en conta o grao de dominio das competencias.

1. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.
2. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
3. Serán referentes na toma de decisión sobre a promoción do alumnado os mínimos establecidos na concreción curricular por áreas como elementos clave, así como o perfil competencial e os estándares de aprendizaxe que se consideren prioritarios.

4.2. CRITERIOS PARA AVALIAR O PROXECTO EDUCATIVO DO CENTRO.

Avaliar periodicamente o Proxecto Educativo en todo o seu conxunto, é dicir, as liñas xerais e cada un dos documentos que o integran.

- Avaliar coa finalidade de actualizar as propostas que precisan ser reconducidas, reflexionando conxuntamente sobre a necesidade de cambios que dean resposta as realidades que van evolucionando cos tempos.
- Diseñar indicadores de observación para facer unha análise máis profunda da eficacia da aplicación dos distintos documentos.

O Proxecto Educativo é un documento revisable a medio/longo, prazo as súas concrecións anuais efectivas serán na Programación Xeral Anual onde todos os

equipos e partes implicadas establecerán os obxectivos e actuacións para o curso escolar. Informado e aprobado en Consello Escolar, posteriormente na Memoria Final, avaliarase o grado de consecución destas propostas. En base a esta avaliación o PE poderá ser modificado ou actualizado.

O procedemento para a súa avaliación será a seguinte:

1. Traballo por etapas educativas e niveis..
2. CCP.
3. Claustro.
4. Consello Escolar.

5. ASPECTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

1. Características socioculturais, económicas da zona onde está ubicada o Centro.

2.- Tipoloxía do alumnado

3.- Coherencia e continuidade entre as etapas de Infantil e Primaria.

4.- Consensuar co Departamento de Orientación unha avaliación continua, global e sumativa, cunha referencia sempre coordinada na valoración do grao de adquisición das competencias básicas.

5.- Introducir e coordinar co resto do profesorado a inclusión nas programacións didácticas das estratexias metodolóxicas referidas no PE do CEIP P. De Meaño-As Covas.

6.- Adecuar os obxectivos de cada etapa tendo en conta a tipoloxía do alumnado.

7.- Priorizar obxectivos e contidos en función de cada situación concreta.

8.- Diseñar contidos que favorezan o desenvolvemento das competencias básicas, de ser preciso facer unha ampliación horizontal dos contidos.

9.- Favorecer un clima integrador, educativo positivo e facilitador.

10.- Establecer normas de convivencia para potenciar as relacións baseadas no respecto mutuo e a participación activa de todos na dinámica do Centro.

11.- Priorizar obxectivos de interrelación persoal.

12.- Adecuar a organización para que outro profesorado interactúe na programación do mestre/a.

13.- Seleccionar e adaptar materiais didácticos.

14.-Priorizar obxectivos referentes á mobilidade, comunicación e relación.

15.- Diversificar obxectos e contidos. Establecer contidos nucleares e outros complementarios.

16.- Unificar criterios, instrumentos e procedementos de avaliación co resto do profesorado. Liña de acción conxunta no referente á avaliación.

17.- Respetar o procesos de desenvolvemento e evolución acordes á idade madurativa do alumnado.

6. REFERENTES PEDAGÓGICOS E EDUCATIVOS QUE FUNDAMENTAN ESTE PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.

“Non coñezo que exista unha cousa máis importe para a vida dos individuos que a educación. A democracia só é posible se o pobo está educado. Pero estar educado non é igual que ter un diploma superior. Significa ter capacidade de pensar” (Rubem Alves).

A educación é a base fundamental para a cohesión, desenvolvemento e expresión dos pobos que conforman o planeta, de aí a súa importancia e repercusión entre as persoas. De aí tamén os cambios e adaptacións que sofre periodicamente sempre coa intención de mellorar os sistemas e redirixir os rumbos que marcan as sociedades. Ao longo da historia sempre houbo especialistas que centraron o seu campo de actuación na análise e observación da educación, moitos destes especialistas (pedagogos/as, mestres/as, filósofos/as, neurólogos/as...). De entre todos eles queremos destacar aqueles cuxa labor e obra resulta para o CEIP P. De Meaño-As Covas máis relevante e fundamentan en gran parte o PE que desenvolve este documento. Queremos citar a:

Paulo Freinet, Montessori, irmáns Johnson, Pere Pujolás, Ken Robinson, Richard Gerver, Mar Romera, Matthew Lipman, Rebeca Wild, Francesco Tonucci, Robert Swart, Javier Bahón, Estela D'Angelo, Laura Benítez, David Perkins, Howard Gardner, Jose Antonio Pérez Bravo, Francisco Mora, Daniel Goleman...

Queremos facer referencia tamén neste apartado a escolas e institucións educativas que foron e son referencia na construción e cambio do paradigma educativo. Entre

outras moitas mencionaremos: Escolas Amara Berri (Euskadi), Col·legi Montserrat (Barcelona), Escola dels Encants (Barcelona), L'Escola Martinet (Barcelona), La Llacuna del Poble Nou (Barcelona), Reggio Emilia (Italia), sistema educativo finlandés, as correntes actuais de neuroeducación, etc

Así mesmo compartimos experiencias, reunións de traballo e información con outros centros da xeografía galega vinculados todos eles nunha liña metodolóxica e filosófica do ensino común, debemos citar ao CEIP Viñagrande-Deiro (Vilanova de Arousa), CEIP Heroínas de Sálvora (Aguíño), CEIP de Chancelas (Poio), CEIP San Tomé (Cambados), CEIP Barouta (Ames), CEIP A Rúa (Cangas) ou CEIP de Espiñeira (Cangas).

7. COMPROMISOS EDUCATIVOS ENTRE AS FAMILIAS E O CENTRO.

Promover o establecemento dunha relación adecuada entre os membros da comunidade educativa e establecer un cauce de comunicación fluído coas familias de xeito que se favoreza a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e fillas resultará esencial.

Empoderar a familias, mestres/ mestras e equipo directivo para comprender as expectativas mutuas e dialogar para chegar acordos entorno das responsabilidades na aprendizaxe do neno/a. Se o compromiso de familias e escola é verdadeiro o alumnado terá máis oportunidades de desenvolver o seu potencial e mellorar o seu rendemento académico.

7.1 *Compromisos titorías.*

Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- a) Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.
- b) Proporcionar ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.

- c) Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ao resto do equipo de profesores do grupo de alumnos e alumnas das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
- k) Manter actualizada a bitácora de aula dixital dende onde as familias poden informarse diaria ou semanalmente das tarefas e evolución da aula non distintos ámbitos académicos.
- l) Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos e alumnas dun

ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais e nais ou titores e titoras legais.

- m) Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes e estas permanecen no centro nos períodos de lecer.
- n) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- o) Colaborar cos demais titores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- p) Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- q) Informar aos alumnos e alumnas do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- r) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- s) Exercer, de acordo co Proxecto Educativo e a concreción curricular do centro, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.
- t) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
- u) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias, ou titores e titoras e á xefatura de estudos.
- v) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.

NÚCLEO ACTIVIDADES	ACTIVIDADES
ACOLLIDA E INTEGRACIÓN	<p>Actividades de acollida ós novos alumnos e nos cambios de ciclo/etapa:</p> <ul style="list-style-type: none"> q Presentación do profesorado, do grupo e do horario q Acollida ó novo alumnado (non promoción, novo ingreso...) q Coñecemento de centro: aula, dependencias e servizos q Presentación das normas de centro e análise e establecemento das regras de aula q Establecemento e reparto das responsabilidades na aula <p>Actividades de coñecemento do grupo e de avaliación inicial:</p> <ul style="list-style-type: none"> q Observación sistemática do alumnado q Realización de sociogramas q Actividades de dinámica de grupos

COÑECEMENTO DOS ALUMNOS/AS	<ul style="list-style-type: none">q Recollida de información sobre o alumnado: datos persoais, competencias, posibles NEAE, previsión de apoios necesarios ... q observación directa e sistemática do alumnado
----------------------------------	---

<p>PROCESOS DE APRENDIZAXE.</p>	<ul style="list-style-type: none"> q Avaliación inicial (expediente, historia familiar...) q Análise das competencias básicas q Detección de necesidades: coordinación
<p>ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</p>	<ul style="list-style-type: none"> q Elaboración da programación de aula atendendo á diversidade: obxectivos, contidos, metodoloxía actividades... q Selección e adecuación dos recursos educativos ás características individuais do alumnado q Elaboración e elección de materiais didácticos q Seguimento dos procesos de aprendizaxe do alumnado (avaliación formativa e continua): técnicas de observación, cuestionarios, revisión de traballos, postas en común... q Solicitude de intervención do D.O. cando se considere preciso q Colaboración na identificación das necesidades educativas do alumnado, determinación do estilo de aprendizaxe e das competencias básicas. Avaliación psicopedagóxica q Participación na proposta, deseño, aplicación e valoración de medidas de reforzo educativo q Participación co equipo de profesores/as especialistas, co D.O. e co profesorado de reforzo

e apoio no deseño, desenvolvemento e avaliación
das ACS que se formulen na aula

DESENVOLVEME
NTO PERSOAL E
ADAPTACIÓN
ESCOLAR.

- q Actividades para favorecer a integración e a cohesión grupal
- q Actividades para facilitar a comunicación e relación entre o alumnado: habilidades sociais, resolución de conflitos...
- q Actividades para desenvolver o autoconcepto positivo e favorecer o autocontrol e a autoestima
- q Actividades de dinámica de grupos e estratexias de traballo e xogo cooperativo
- q Actividades e estratexias que estimulen a capacidade de aprender a aprender e a autonomía e iniciativa persoal
- q Desenvolvemento de actividades dentro do proxecto lector
- q Desenvolvemento de actividades correspondentes ó proxecto lingüístico
- q Desenvolvemento dun proxecto de habilidades de cálculo mental
- q Desenvolvemento de actividades relacionadas coas TICs
- q Desenvolvemento dun programa de hábitos e técnicas de estudo: Técnicas motivacionais (3º ciclo)

COMPETENCIAS
BÁSICAS

- q Actividades no ámbito da prevención. Taller de hábitos saudables...
- q Utilización de diferentes espazos: biblioteca, cociña, xardín como centros de recursos e contornos de aprendizaxe significativa
- q Coordinación de actividades que fomenten a convivencia: celebracións, excursións...

<p>PROCESO DE AVALIACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> q Fixar criterios para unha avaliación individualizada, formativa e orientadora q De ser o caso, aplicación de probas pedagóxicas ao remate de cada nivel/etapa, en colaboración co D.O. q Proposta e adopción de medidas en relación cos resultados da avaliación a nivel individual e grupal q Comentar os resultados da avaliación cos alumnos/as q Coordinación do proceso de avaliación e valorar a decisión de promoción ou permanencia no ciclo/etapa q Proceso de avaliación do ensino. q Seguimento das medidas de atención á diversidade adoptadas, así como do funcionamento dos apoios q Elaboración dun informe individualizado do alumnado ó remate de cada curso/ciclo e coordinación co titor/a que inicia o ciclo seguinte. q Actividades relacionadas co paso á ESO <ul style="list-style-type: none"> § Elaboración dun informe individualizado ó remate da etapa § Participación nas actividades deseñadas en coordinación co IES
------------------------------	--

<p>COORDINACIÓN DO EQUIPO DOCENTE</p>	<ul style="list-style-type: none"> q Coordinación do equipo de traballo en relación ó grupo q Unificar criterios en relación ás tarefas na escola e para a casa q Coordinación da atención e valoración dos apoios e reforzos educativos q Colaboración e coordinación co departamento de orientación e co equipo de apoio q Participación nas xuntanzas de coordinación propostas pola xefatura de estudos- q Participación nas sesións de elaboración da programación e do documento de competencias básicas de ciclo/etapa q Revisión do Plan de Acción Titorial q Elección de materiais didácticos q Participación nos equipos de traballo do centro: E.N.L., A. Extraescolares, Biblioteca, ... q Xuntanza de coordinación interetapa (Infantil - 1º e 2) e internivelar. q Coordinación do equipo de traballo do 6ºco equipo do I.E.S de Meaño.
---	--

<p>FAMILIAS E CONTORNA</p>	<ul style="list-style-type: none"> q ACOLLIDA <ul style="list-style-type: none"> § Entrevista persoal ao inicio da escolarización. § Datos persoais do alumno. q Circular informativa de inicio de curso para as familias comunicándolle as normas básicas de funcionamento de centro/aula. q Reunión informativa coas familias do alumnado por etapas educativas. q Xuntanzas periódicas individuais: entrevista q Explicación da programación aula/centro q Coordinación da información sobre o proceso de aprendizaxe e a integración socio-educativa dos seus fillos/as q Información ás familias dos resultados da avaliación: boletíns informativos trimestrais q Información ás familias das medidas educativas adoptadas: reforzo, apoio, ACS q Potenciación da implicación da familia no proceso educativo q Participación das familias nos proxectos de traballo na aula e no centro. q Potenciación da participación das familias nas actividades complementarias e extraescolares
--------------------------------	---

	<ul style="list-style-type: none">q Recomendacións, xunto co D.O. de temas relacionados coa educación dos fillos: linguaxe, comportamento, hábitos saudables, estudo, xogos...q Relacións con outras institucións: concello, servizo de saúde, centro de día...q Información con antelación sobre decisión de non promoción de nivel/etapa, no seu caso.q Recomendacións e orientacións cara ás vacacións.q Información sobre orientación académica ó remate de Primaria (6º curso) <p>- bitácora, Tokapp</p>
--	---

7.2. *Compromisos coas Familias.*

- a) Circular informativa de inicio de curso para as familias comunicándolle as normas básicas de funcionamento de centro/aula.
- b) Reunión informativa coas familias do alumnado.
- c) Xuntanzas periódicas individuais: entrevista.
- d) Explicación da programación aula/centro.
- e) Coordinación da información sobre o proceso de aprendizaxe e a integración socio-educativa dos seus fillos/as.
- f) Entrevistas persoais. Unha hora semanal de tutoría.
- g) Información ás familias dos resultados da avaliación: boletíns informativos trimestrais.
- h) Información ás familias das medidas educativas adoptadas: reforzo, apoio, ACS.
- i) Potenciación da implicación da familia no proceso educativo.
- j) Participación das familias nos proxectos de traballo na aula e no centro.
- k) Potenciación da participación das familias nas actividades complementarias e extraescolares.
- l) Recomendacións, xunto co D.O. de temas relacionados coa educación dos fillos: linguaxe, desenvolvemento, hábitos saudables, estudo, xogos...
- m) Información sobre decisión de non promoción de ciclo, no seu caso.
- n) Información sobre orientación académica ó remate de Primaria (6º curso)

7.3. Compromisos centro.

- Contribuír a favorecer unhas boas relacións entre os/as pais/nais e máis o centro.
- Implicar aos pais/nais nas actividades de apoio e orientación que se leven a cabo para cos seus fillos/as.
- Informar aos pais/nais de todo o que afecta á educación dos seus fillos/as, e pedirilles información relevante para o proceso educativo dos mesmos.
- Colaboración coa ANPA. Reunións periódicas para informar da evolución do curso, acordar liñas de actuación conxuntas e valorar novas propostas ou necesidades para o centro.
- Solicitar e propoñer a colaboración da ANPA do centro e as familias en xeral nas actividades do centro.
- Xuntanza xeral setembro/outubro.
- Xuntanza de aula coa titoría (setembro)
- Xuntanzas periódicas de intercambio de información sobre o desenvolvemento persoal e académico do alumnado.
- Boletíns informativos xerais.
- Boletíns informativos sobre a avaliación continua
- Ao longo do curso, información sobre os proxectos e actividades nos que participe o centro.
- O Equipo directivo velará pola boa consecución do PAT, colaborando en todo momento.

8. MEDIDAS QUE SE DAN PARA A DIFUSIÓN DO PE ENTRE OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

A Información cara a comunidade educativa e os seu membros faise en diversos apartados:

- *Nas reunións ao inicio do curso ás familias.*- Durante o mes de outubro convócase ás familias a unha reunión na que estarán presentes membros do equipo directivo, titoras, titores e especialistas. Nesta reunión preséntase o profesorado ás familias, infórmase das novidades previstas ou información destacables de índole colectivo e realízase unha breve exposición do PE.

- *Nas reunións individuais dos titores coas familias.* Por norma xeral, unha cada trimestre e a maiores as que o profesorado poida concertar coa familia do alumnado.

- *Aplicadas no Consello Escolar.* Envíase a todas e todos os integrantes do Consello Escolar unha copia do citado documento para o seu estudio e coñecemento máis pormenorizado.

- O Proxecto Educativo aloxarase na páxina web do centro de maneira que todos os membros da Comunidade Escolar teñan acceso a el e poidan consultalo sempre que o desexen.

- Na secretaría do centro o Equipo Directivo, no horario destinado para a atención das familias, explicará todas as dúbidas que poidan xurdir da lectura do presente documento.

- *Mensaxería TokApp.* como ferramenta de comunicación e informacións de accións derivadas das dinámicas recollidas no Proxecto Educativo.

8.1. PREVISIÓN DE AVALIACIÓN DO PEC COA SÚA TEMPORALIZACIÓN.

“A acción educativa debe autocorrixirse de forma continua”, regularse de maneira constante en función ás diferenzas observadas. Precisamos pois instrumentos sistemáticos que permitan concluír temporalmente a marcha e estado de desenvolvemento do Proxecto Educativo de Centro.

A avaliación aplicarase á totalidade do documento mais prestando especial atención a elementos principais como:

- Alumnado. Será obxecto de avaliación as súas necesidades educativas, de adecuación de aprendizaxes aos tempos de desenvolvemento e vida. Valoraranse os puntos positivos e os de mellora do proceso de aprendizaxe
- Mestres e mestras do colexio. Temporalmente precisaremos valorar se o centro como institución educativa conta co persoal docente suficiente para dar resposta ao plan metodolóxico que se aplica no centro. Resultará tamén vital coñecer o grao de implicación e satisfacción que os mestres e mestras mostran cara o PE, sempre lembrando algo crucial en materia educativa: “Que podes ofrecer ti como docente a este documento?, Que podes aportar?, Cales son os teus puntos fortes que poden contribuír a enriquecer e mellorar o Proxecto Educativo do centro. Ditas preguntas conlevan un cambio de enfoque crucial e vital para o claustro actual do CEIP P. De Meaño-As Covas.
- Liñas metodolóxicas utilizadas. Xunto co Equipo de Orientación realizar seguimentos e avaliacións permanentes sobre o grao de aplicación e

instauración no centro da liña metodolóxica aprobada polo Consello Escolar.

- Organización dos tempos, espazos e recursos. Análise pormenorizada da repercusión no proceso de ensinanza-aprendizaxe ao respecto da reordenación de tempos, espazos e recursos. A este respecto o colexio realizou nos últimos dous anos un esforzo considerable motivo polo cal é preciso avaliar temporalmente o resultados obtidos. O claustro de mestres e mestras será o responsable desta avaliación.
- Infraestruturas e materiais didácticos. Confirmar a adecuación dos mesmos á lexislación educativa, valorar a idoneidade das infraestruturas ao respecto dos procesos de ensinanza-aprendizaxe levados adiante durante o tempo de aplicación do Proxecto Educativo. Inventario e actualización do material didáctico existente así como a selección e descarte de materiais deste tipo segundo o criterio pedagóxico do centro.

8.2. DATA DA ÚLTIMA REVISIÓN.

A última revisión efectuada ao Proxecto Educativo de Centro do CEIP P. De Meaño-As Covas data do curso 2009/2010. Oito anos despois o Equipo Directivo do centro propón un actualización. Tal e como recomenda a inspección educativa, así como institucións educativas e de organización escolar, o PE, como documento vertebrador do centro educativo require revisións, actualizacións e acordos programáticos cada catro/cinco anos. Consideramos que tras a aprobación se establecen compromisos

de revisión que sirvan como lexitimación e vinculación do Consello Escolar e a Comunidade Educativa ante o citado documento.

9. BASE LEGAL DO PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO.

Normas básicas.-

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948).
- Declaración dos Dereitos do Neno/a (1959).
- Pacto Internacional dos Dereitos Civís e Políticos (1966).
- Constitución Española (1978).
- Estatuto de Autonomía de Galicia (1981).
- Lei de Galicia 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.
- Lei 2/2014, do 14 de Abril, para a igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

Normas educativas xerais.-

- Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, do Dereito á Educación (LOE).
- Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar (DOG, 8/05/07).

- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG, 20/05/2011).
- Lei de Galicia 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27/01/2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 29/06/15).

Normas sobre Educación Infantil e Primaria.-

-Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG, 21/10/96).

-Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG, 9/09/14).

Para finalizar queremos destacar de novo un parágrafo do Preámbulo da Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relación entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obligatoria e o bacharelato:

“...Un enfoque metodolóxico baseado en las competencias clave y en los resultados de aprendizaje conlleva importantes cambios en la concepción del proceso de enseñanza-aprendizaje, cambios en la organización y en la cultura escolar; requiere la estrecha colaboración entre los docentes en el desarrollo curricular y en la transmisión de información sobre el aprendizaje de los alumnos y alumnas, así como cambios en las prácticas de trabajo y en los métodos de enseñanza.”

10. Plans e proxectos. (Anexos).
11. Plan de convivencia. (Anexos).
12. Proxecto lingüístico. (Anexos).
13. Proxecto lector de centro. (Anexos).
14. Plan de integración das TIC ou proxecto de educación dixital. (Anexos).
15. Obxectivos e medios previstos para o desenvolvemento do proxecto bilingüe. (Anexos).
16. Proxecto de promoción de estilos de vida saudables. (Anexos).
17. Normas de organización, funcionamento e convivencia. (Anexos).

